Carmen Acuña do Campo e Modesto Pose Mesura, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Os traballadores de Povisa, 1.500 persoas, están moi preocupados polo seu futuro ante a incerteza que existe entorno a renovación do concerto coa Consellería de Sanidade.

Dilátase no tempo a renovación do contrato existente ata o de agora e cada día que pasa crecen mais os rumores.

Se sospeita en Vigo que esta demora tal vez obedeza a que o Goberno popular teña outros intereses.

Que haxa outras empresas foráneas interesadas en prestar a atención sanitaria a eses mais de 140.000 usuarios que ata o de hoxe se atendían en Povisa.

Polo anteriormente exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Está contemplando a consellería a outras empresas para asumir o concerto que ata o de agora se mantíña con Povisa? Cales serían as razóns que motivarían o cambio?
2. Existen outras ofertas? De ser así, que outras empresas poderían garantir a prestación deses servizos e ademais de forma inmediata?
3. Cal e a razón para que se dilate tanto a renovación do convenio?
4. Non pensa a consellería que toda esa incerteza poida derivar nun deterioro da atención prestada a cidadanía de Vigo?
5. Esta repercutindo nas listas de espera? De ser así, como exactamente e para que especialidades?

Pazo do Parlamento, 1 de abril de 2011

Asdo.: Carmen Acuña do Campo

Modesto Pose Mesura

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

María Carmen Acuña Docampo na data 01/04/2011 11:29:05

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Modesto Pose Mesura na data 01/04/2011 11:29:10



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Carmen Acuña do Campo, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A Secretaria Xeral para o Deporte subscribe e mantén convenios coas distintas deputacións galegas para a construción de infraestruturas deportivas.

Polo exposto, a deputada que asina formula as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que convenios están vixentes neste ano 2011 entre a **Deputación de A Coruña** e a Secretaría Xeral para o Deporte no referente a construción de infraestruturas deportivas por tratarse de proxecto plurianuais? A que concellos interesan? Para que tipo de actuación concretamente? Cal é o importe asignado por cada parte para este ano 2011 e canto o importe total de cada actuación? Cando foron iniciados os diferentes convenios?
2. Que convenios se ten pensado iniciar ou se iniciaron xa que non existiran anteriormente? Con que concellos? Para realizar que actuacións? En que prazos? E que contía aportaría a **Deputación coruñesa** e canto a Secretaría Xeral? Canto sería a contía total dos diferentes proxectos?

Pazo do Parlamento, 1 de abril de 2011

Asdo.: Carmen Acuña do Campo
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:



 Grupo Parlamentario

María Carmen Acuña Docampo na data 01/04/2011 11:33:19

Partido dos
Socialistas
de Galicia



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Carmen Acuña do Campo, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A Secretaría Xeral para o Deporte subscribe e mantén convenios coas distintas deputacións galegas para a construción de infraestruturas deportivas.

Polo exposto, a deputada que asina formula as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que convenios están vixentes neste ano 2011 entre a **Deputación de Lugo** e a Secretaría Xeral para o Deporte no referente a construción de infraestruturas deportivas por tratarse de proxecto plurianuais? A que concellos interesan? Para que tipo de actuación concretamente? Cal é o importe asignado por cada parte para este ano 2011 e canto o importe total de cada actuación? Cando foron iniciados os diferentes convenios?
2. Que convenios se ten pensado iniciar ou se iniciaron xa que non existiran anteriormente? Con que concellos? Para realizar que actuacións? En que prazos? E que contía aportaría a **Deputación luguesa** e canto a Secretaría Xeral? Canto seria a contía total dos diferentes proxectos?

Pazo do Parlamento, 1 de abril de 2011

Asdo.: Carmen Acuña do Campo
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:



 Grupo Parlamentario

María Carmen Acuña Docampo na data 01/04/2011 11:33:37

Partido dos
Socialistas
de Galicia

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Carmen Acuña do Campo, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A Secretaria Xeral para o Deporte subscribe e mantén convenios coas distintas deputacións galegas para a construción de infraestruturas deportivas.

Polo exposto, a deputada que asina formula as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que convenios están vixentes neste ano 2011 entre a **Deputación de Ourense** e a Secretaría Xeral para o Deporte no referente a construción de infraestruturas deportivas por tratarse de proxecto plurianuais? A que concellos interesan? Para que tipo de actuación concretamente? Cal é o importe asignado por cada parte para este ano 2011 e canto o importe total de cada actuación? Cando foron iniciados os diferentes convenios?
2. Que convenios se ten pensado iniciar ou se iniciaron xa que non existiran anteriormente? Con que concellos? Para realizar que actuacións? En que prazos? E que contía aportaría a **Deputación ourensá** e canto a Secretaría Xeral? Canto sería a contía total dos diferentes proxectos?

Pazo do Parlamento, 1 de abril de 2011

Asdo.: Carmen Acuña do Campo
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:



 Grupo Parlamentario

María Carmen Acuña Docampo na data 01/04/2011 11:33:55

Partido dos
Socialistas
de Galicia



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Carmen Acuña do Campo, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A Secretaria Xeral para o Deporte subscribe e mantén convenios coas distintas deputacións galegas para a construción de infraestruturas deportivas.

Polo exposto, a deputada que asina formula as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que convenios están vixentes neste ano 2011 entre a **Deputación de Pontevedra** e a Secretaría Xeral para o Deporte no referente a construción de infraestruturas deportivas por tratarse de proxecto plurianuais? A que concellos interesan? Para que tipo de actuación concretamente? Cal é o importe asignado por cada parte para este ano 2011 e canto o importe total de cada actuación? Cando foron iniciados os diferentes convenios?
2. Que convenios se ten pensado iniciar ou se iniciaron xa que non existiran anteriormente? Con que concellos? Para realizar que actuacións? En que prazos? E que contía aportaría a **Deputación pontevedresa** e canto a Secretaría Xeral? Canto seria a contía total dos diferentes proxectos?

Pazo do Parlamento, 1 de abril de 2011

Asdo.: Carmen Acuña do Campo
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:



 Grupo Parlamentario

María Carmen Acuña Docampo na data 01/04/2011 11:34:12

Partido dos
Socialistas
de Galicia



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Silvia Fraga Santos, Pablo Xabier López Vidal e José Manuel Lage Tuñas, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Noitebús foi unha das medidas incluídas no Plan Galego de Seguridade Viaria 2006/2010 posto en marcha polo anterior Goberno da Xunta de Galicia.

Dende a súa posta en marcha tivo unha gran aceptación por parte da mocidade galega, véndose incrementada cada ano a cifra de usuarios e usuarias. O éxito e a aceptación deste servizo fixo que o Noitebús se consolidase como unha alternativa real e segura ao emprego do vehículo privado nos desprazamentos nocturnos a zonas de ocio e, sobre todo, como unha medida clara de mellora da seguridade viaria das mozas e mozos galegos e que contribuíu a reducir a siniestralidade.

O día 20 de setembro de 2010 o presidente da Xunta de Galicia anunciou a redución de servizos “adicionais”, unha nova tesoirada. Neste caso foron os mozos e mozas galegos os que sufriron, este novo recorte que supuxo a supresión do servizo de transporte nocturno a lugares de lecer, Noitebús.

Finalmente, o servizo de transporte público nocturno, Noitebús, foi suprimido. Retiróuselle absolutamente todo o financiamento público, todo o apoio económico da Administración pública autonómica. Quedando clara unha vez máis a orde de prioridades dun goberno, que neste caso non só ataca a unha política de benestar social, senón tamén a unha medida para a mellora da seguridade viaria e para a redución da siniestralidade nas estradas galegas as fins de semana.

Despois da supresión deste servizo o PP trouxo a esta Cámara unha proposición non de lei na que o Parlamento de Galicia instaba á Xunta de Galicia “a procurar fórmulas que fagan posible a implicación dos diferentes actores para o mantemento sostible do servizo de transporte do Noitebús, conforme á demanda real e ás posibilidades económicas derivadas do escenario orzamentario e a continuar desenvolvendo campañas de concienciación en seguridade viaria especialmente destinadas á mocidade galega”.

Esta proposición non de lei foi aprobada neste Parlamento, na comisión 2ª, de Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, o pasado 3 de febreiro de 2011.

Tendo en conta todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:



 Grupo Parlamentario

1.^a) Que fórmulas procurou a Xunta de Galicia para facer posible o mantemento sostible de liñas de transporte nocturno?

2.^a) Realizou o Goberno galego algunha xestión tendente a que exista transporte nocturno a lugares de lecer durante a fin de semana?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

3.^a) Cantas liñas de transporte nocturno hai en funcionamento?

4.^a) Que traxectos cobren as liñas de transporte nocturno que seguen en funcionamento durante as fins de semana en Galicia?

5.^a) Cal é o prezo do billete neste transporte nocturno?

Pazo do Parlamento, 31 de marzo de 2011

Asdo: Silvia Fraga Santos

Pablo Xabier López Vidal

José Manuel Lage Tuñas

Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Silvia Belén Fraga Santos na data 01/04/2011 12:07:47

Pablo Xabier López Vidal na data 01/04/2011 12:07:53



 Grupo Parlamentario

José Manuel Lage Tuñas na data 01/04/2011 12:07:56

.....
Partido dos
Socialistas
de Galicia
.....



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2011 12:26
Nº Rexistro: 63381
Data envío: 01/04/2011 12:26:25.937

Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo, deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta escrita**, en relación cos motivos polos que se exclúe do programa Camiños de Cultura aos concellos que participan da Rede Galega de Teatros e Auditorios.

A Xunta de Galiza ven subvencionando todos os anos a realización de actividades culturais nos concellos de Galiza. Desde o ano pasado, nun intento de simular que era algo novidoso, denominou estas actuacións como programa Camiños de Cultura. É un circuío cultural que se desenvolve entre o 1 de xuño e 30 de setembro, coa finalidade de incentivar programación cultural e espallar a cultura entre a cidadanía.

A normativa que regula este circuío recolle, por segundo ano, a exclusión dos concellos aqueles que forman parte da Rede Galega de Teatros. Reitera a Xunta de Galiza a penalización a aqueles concellos que fan un maior esforzo na súa programación cultural. Concretamente a creación da Rede Galega de Teatros e Auditorios tiña como motivación promover a distribución das producións escénicas e musicais galegas, actuando como mercado preferente para o teatro, a danza e a música favorecendo unha programación estábel. Con esta decisión a Xunta continúa na súa política de recortes no ámbito cultural, limitando as actuacións destinadas a crear consumo cultural e estimular a existencia dunha oferta ampla na Galiza.

Polo dito, formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2011 12:26
Nº Rexistro: 63381
Data envío: 01/04/2011 12:26:25.937

1.^a) Que razóns xustifican a exclusión dos concellos integrados na Rede Galega de Teatros e Auditorios do programa Camiños de Cultura?

2.^a) É consciente a Xunta de Galiza da penalización que está realizando precisamente a aqueles concellos que realizan un maior esforzo no ámbito da programación cultural?

3.^a) Ten previsto a Xunta de Galiza rectificar esta decisión?

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2011.

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo
Deputada do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 01/04/2011 12:23:34

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Manuel Lage Tuñas e Modesto Pose Mesura, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **por escrito** sobre o mantemento do servizo de urxencias no centro de saúde de Rianxo (A Coruña).

Existe dende fai algúns meses unha crecente preocupación entre a poboación de Rianxo por unha posible decisión da Xunta de Galicia de suprimir o servizo de urxencias do centro de saúde rianxeiro.

Os socialistas galegos consideramos fundamental que se preserven os servizos públicos, nomeadamente a sanidade e a educación, ambos competencia da Xunta de Galicia, e nese sentido entendemos que os recortes orzamentarios que está practicando o goberno que preside Alberto Núñez Feijóo están afectando aos servizos públicos universais.

Comprometémonos á defensa dos servizos sanitarios existentes no concello de Rianxo (A Coruña) e pedimos a correspondente explicación da consellería de Sanidade sobre os plans que ten para o centro de saúde rianxeiro.

Polo anteriormente exposto, os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Ten previsto o Goberno galego manter o servizo de urxencias no centro de saúde de Rianxo (A Coruña)?
2. Cales son os plans que ten a Consellería de Sanidade para o centro de saúde de Rianxo (A Coruña)?

Pazo do Parlamento, 1 de abril de 2011

Asdo.: José Manuel Lage Tuñas
Modesto Pose Mesura



 Grupo Parlamentario

Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lage Tuñas na data 01/04/2011 13:10:00

Modesto Pose Mesura na data 01/04/2011 13:10:06

Partido dos
Socialistas
de Galicia



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Carmen Gallego Calvar e Carmen Cajide Hervés, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O 28 de marzo o Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas anunciou en Pontevedra, nunha xuntanza cos alcaldes e alcaldesa dos concellos ribeireños do Umia e co presidente da Deputación a realización dun Plan Integral de Actuación para o Río Umia cun orzamento de 22,4 millóns de euros ata o ano 2015.

Este plan inclúe segundo os medios de comunicación e a nota ofrecida á prensa pola Xunta de Galicia, actuacións de saneamento, modernización de EDARes, de ETAP, alternativas de abastecemento, tratamentos contra a eutrofización que desemboca todos os veráns en proliferación de Microcistys, control de puríns, revexetación, etc.

Dado que estas mesmas actuacións foron reclamadas dende os concellos en repetidas ocasións e mesmo nunha Proposición non de lei deste Grupo Parlamentario que foi debatida en sesión plenaria de data 26 de outubro de 2010 e rexeitada cos votos en contra do Grupo Parlamentario Popular, e que o orzamento para o ano 2011 non contempla este compromiso nin o grupo maioritario da Cámara aceptou no trámite parlamentario emendas a este orzamento presentadas neste senso polo PSdeG - PSOE, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Está incluída neste Plan a 2ª fase do proxecto “Mellora saneamento Cuntis - Pontevedra”?
2. Si é así, para executar en que prazos e con cargo a que partida orzamentaria e anualidade?
3. A modernización das EDARes de Guldrigans, A Coba e Rogadío no concello de Cuntis están tamén neste Plan?
4. Si é afirmativo, para executar en que prazos e con cargo a que partida orzamentaria e ano ou anos?



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

5. A substitución da EDAR de Portamos - Lamas no concello de Moraña por bombeo á EDAR xeral de Santa Lucía é un dos proxectos incluídos neste Plan?
6. No caso de contemplarse a súa execución poden indicar prazos e partidas orzamentarias e anualidades concretas para levala a cabo?
7. Asume así mesmo o Plan do Umia a modernización das EDARes de Amil, Gargantáns, Laxe, Santa Cruz de Lamas, San Lourenzo e Santa Xusta no concello de Moraña?
8. Para executar estas modernizacións en que prazos se realizarían e con cargo a que partidas orzamentarias e anualidades sería?
9. Plan complementario de captación para Caldas de Reis que sirva de alternativa e dea garantías ao conxunto da cidadanía no abastecemento, proxecto demandado polo concello, inclúese neste Plan?
10. Con que orzamento, anualidades e prazos de execución?
11. Hai algunha previsión de saneamento en núcleos do concello de Caldas de Reis? Si é así, en cales? Con que prazos de execución e con que orzamentos e anualidades?
12. Prevé o Plan a construción das ETAP de Ponte Arnelas e do abastecemento de A Toxa?
13. Nese caso, con que prazos de execución e con que orzamentos e anualidades?
14. Existe algunha outra obra de construción de infraestruturas de abastecemento ou saneamento ou modernización das xa existentes?



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

15. Si é así, que actuacións, en que concellos, con que prazos de execución e con que orzamentos e anualidades?
16. O Plan de Vertidos continuará coas accións que estaban previstas? Cales serán estas? Con que obxectivos, orzamento e partida orzamentaria contará?
17. Existe un plan de revexetación nas beiras do Umia neste Plan?
18. De ser afirmativo, con que especies, prazos de execución, orzamentos e anualidades?
19. De que xeito se procederá para eliminar os aportes difusos agropecuarios ao río Umia e encoro de A Baxe?
20. Que outras actuacións ademais das sinaladas contempla este Plan?
21. Cal é o orzamento destas actuacións e os seus prazos de execución?

Pazo do Parlamento, 1 de abril de 2011

Asdo.: Carmen Gallego Calvar
Carmen Cajide Hervés
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Carmen Gallego Calvar na data 01/04/2011 13:25:26

Maria del Carmen Cajide Herves na data 01/04/2011 13:25:30



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Tereixa Paz Franco, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, relativa ás previsión do Goberno Galego no que atinxe á continuación dos traballos de concentración parcelaria nas parroquias de Río, Fafián, Camba e Santa Baia en Rodeiro.

Todas as parroquias enclavadas no val de Camba teñen un grande interese agrogandeiro non só pola aptitude das súas terras para a actividade gandeira senón tamén polo dinamismo que se mantén en dito val neste ámbito, fundamentalmente no sector lácteo.

A xuízo do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego esta realidade xustifica por si soa o impulso dunha actuación decidida por parte da administración galega para dotar ás explotacións e aos seus titulares de mellores condicións nas que desenvolver a súa actividade e facer máis rendíbeis e viábeis as súas explotacións.

Por tal motivo, compartimos que no tocante á necesidade de promover actuacións de concentracións parcelarias nas parroquias deste val, na pasada lexislatura se lles dese un pulo moi relevante ás concentracións das parroquias de Río, Fafián, Camba e Santa Baia, todas elas en Rodeiro, mais que non foi dabondo para poder rematar todos os trámites e infraestruturas.

Porén, agora vemos, ao igual que os veciños e veciñas afectados como estas concentracións parecen ter caído no esquecemento, xa que nos dous últimos anos nada volveron saber de novos trámites ou actuacións nas súas parroquias, non sabemos si por mor dos recortes orzamentarios sen precedentes que o actual goberno lle aplica ás políticas de concentracións parcelarias ou simplemente froito da súa desidia e falta de xestión política.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Estas son as razóns polas que o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través da deputada asinante, formula a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita:**

1ª) Cal é a situación na que actualmente se encontra a tramitación e execución das concentracións parcelarias nas parroquias de Río, Fafián, Camba e Santa Baia, en Rodeiro?

2ª) Que actuacións se teñen realizado nestas concentracións nos dous últimos anos?

3ª) Cando ten previsto retomar os traballos para a continuación dos traballos de concentración parcelaria nestas parroquias?

4ª) Que recursos ten previsto destinar no presente exercicio a estes proxectos e que actuacións se poderán executar con cargo a estes?

5ª) Á vista do nivel de investimento previsto nestas concentracións, cando estima que poderán estar finalizadas?

Santiago de Compostela, 1 de Abril de 2011

Asdo. **Tereixa Paz Franco**

Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Tereixa Paz Franco na data 01/04/2011 13:52:27



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Tereixa Paz Franco e Henrique Viéitez Alonso, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, relativa ao control que está a realizar a administración en relación coa praga do nematodo do piñeiro.

Logo de terse detectado a finais do pasado ano a presenza do nematodo do piñeiro en parroquias do sur de Pontevedra, a Xunta de Galiza aprobou o Decreto 12/2011 polo que se declara de utilidade pública a súa erradicación.

Neste ámbito establécense unha serie de medidas e actuación para evitar a súa propagación a outros lugares nos que actualmente non se ten detectado para evitar que a enfermidade acabe afectando a outros montes e para manter a súa localización en aras de permitir a súa erradicación.

Este obxectivo fai preciso a adopción de medidas preventivas por parte de todos os operadores que interveñen neste ámbito e de exhaustivas medidas de control sobre o seu cumprimento que lle competen á administración forestal.

Segundo informacións das que dispón o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego podería estarse a producir unha falta de medidas de control por parte do goberno o cal podería propiciar a propagación do nematodo a outros lugares da nosa nación.

Estas son as razóns polas que o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través da deputada e do deputado asinantes, formulan a seguinte Pregunta para a súa resposta escrita:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1ª) Que medidas está a impulsar o goberno para a erradicación do nematodo do piñeiro e para evitar a súa propagación?

2ª) Está a realizar, a administración forestal galega, os controis necesarios co fin de garantir a eliminación da madeira cortada no propio monte?

3ª) De ser así, cales?

4ª) Que medidas se teñen establecido co fin de controlar a adecuada desinfección das procesadoras e dos vehículos que transportan a madeira?

5ª) Pode afirmar que coas medidas que está adoptando a administración forestal e cos controis que se están realizando se garante a non propagación do nematodo a outros montes da nosa nación nos que actualmente non está detectada a súa presenza?

6ª) En caso contrario, que outras medidas ten previsto impulsar para lograr o obxectivo de non propagación do nematodo do piñeiro?

Santiago de Compostela, 4 de Abril de 2011

Asdo. **Tereixa Paz Franco**

Henrique Viéitez Alonso

Deputada e Deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Tereixa Paz Franco na data 04/04/2011 13:36:51



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Henrique Vieitez Alonso na data 04/04/2011 13:36:56



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

Tereixa Paz Franco, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, en relación co método de medición da superficie queimada nos incendios forestais.

Até agora para determinar a superficie queimada nos incendios forestais en Galiza víñase empregando un método que consistía nunha medición realizada sobre o terreo por parte do propio persoal técnico do Servizo de prevención e defensa contra incendios forestais de Galiza que transmitía os datos obtidos para o seu tratamento e incorporación , posteriormente, a través das medicións aéreas completábanse ou complementábanse os datos obtidos sobre o terreo.

Este método permitía unha grande exactitude e fiabilidade nos datos referentes á superficie queimada, facilitando ademais que estes estivesen dispoñíbeis nun moi curto intervalo de tempo logo da finalización do incendio.

Estas son as razóns polas que o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través da deputada asinante, formula a seguinte Pregunta para a súa resposta escrita.

1ª) Cal é o método que se está a empregar na presente campaña para determinar a superficie que se queima en cada incendio forestal?

2ª) Tense producido algún cambio en relación coa fórmula que se viña utilizando até agora?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3ª) De ser así, cales son os cambios producidos?

4ª) Que obxectivos se pretenden conseguir a través deste novo método de medición?

5ª) Non considera que pode interferir na fiabilidade e rapidez na obtención dos datos?

Santiago de Compostela, 4 de Abril de 2011

Asdo. Tereixa Paz Franco

Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Tereixa Paz Franco na data 04/04/2011 16:23:41



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Sonia Verdes Gil e María Concepción Burgo López, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

A Consellaría do Medio Rural executou recentemente no concello lugués de Portomarín as obras correspondentes ao PEIM do 2009 para a mellora dos accesos de Cortapezas e outros por importe de 90.176,88 €, financiadas ao 100% polo MARM.

As obras foron solicitadas polo equipo de Goberno do Concello de Portomarín a finais de 2008 e o proxecto das obras foi redactado en marzo de 2009.

Malia a ineficacia do Goberno da Xunta de Galicia e a demora intencionada da Consellaría do Medio Rural para proceder á contratación das obras, actuando de xeito sectario, sen ser quen de executar as obras nas que tiña compromisos o Ministerio ata pasados dous anos de seren demandadas polo concello, provocaron un grave deterioro dunhas vías que xa se atopaban en moi mal estado.

Por ese motivo despois de máis de dous anos, nos que os veciños e as veciñas se viron prexudicados debido ao deterioro dos accesos nas súas parroquias, o orzamento destinado para a execución das obras resultou insuficiente e non se axusta ás actuacións que era necesario acometer para a mellora dos accesos e garantir a óptima execución das obras e a súa duración, provocando o desgusto e a indignación dos veciños e as veciñas.

Por iso as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1.^a) Ten coñecemento a Consellaría do Medio Rural do estado no que quedaron as obras que foron obxecto de actuación no concello



 Grupo Parlamentario

de Portomarín no lugar de Cortapezas e outras correspondentes ao PEIM 2009?

..... 2.^a) Que valoración fai o Goberno galego ao respecto?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

..... 3.^a) Ten previsto levar a cabo algunha actuación co fin de garantir a duración das obras?

..... Pazo do Parlamento, 4 de abril de 2011

Asdo: Sonia Verdes Gil
María Concepción Burgo López
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Sonia Verdes Gil na data 04/04/2011 18:56:44

María Concepción Burgo López na data 04/04/2011 18:57:01



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Tereixa Paz Franco e Henrique Viéitez Alonso, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, relativa á posible presenza do goniterus scutellatus en piñeirais do sur de Pontevedra.

Segundo informacións recibidas por este Grupo Parlamentar algúns propietarios forestais de parroquias do Baixo Miño terían detectado a presenza do escaravello goniterus scutellatus en piñeiros de corta idade dos seus montes.

Chama especialmente a atención este achado porque de todos é coñecido que este tipo de escaravello ataca aos eucaliptos e que non se tiña detectado a súa presenza a exemplares de piñeiro.

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, á vista do exposto considera que sería oportuno que por parte da administración forestal galega se levasen adiante as actuacións oportunas para verificar a presenza do goniterus scutellatus en exemplares de piñeiro de corta idade así como no seu caso a determinar porque causas se produce este feito tendo en conta que habitualmente só ataca aos eucaliptos.

Estas son as razóns polas que o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través da deputada e do deputado asinantes, formula a seguinte Pregunta para a súa resposta escrita:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1ª) Ten algún coñecemento a Xunta de Galiza en relación coa eventual aparición de goniterus scutellatus en piñeiros de montes do Baixo Miño?

2ª) De ser así, ten realizado algunha actuación tendente á súa verificación e a determinar as causas da súa presenza en exemplares de piñeiro?

3ª) Existe algún dato concluínte ao respecto?

4ª) No caso contrario, ten previsto impulsar algunha medida de cara a constatar este feitos?

5ª) En caso afirmativo, cales?

Santiago de Compostela, 5 de Abril de 2011

Asdo. **Tereixa Paz Franco**

Henrique Viéitez Alonso

Deputada e Deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Tereixa Paz Franco na data 05/04/2011 12:48:48

Henrique Vieitez Alonso na data 05/04/2011 12:48:54

 Grupo Parlamentario

A Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Manuel Lage Tuñas, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **por escrito** sobre a orde dada pola Consellería de Sanidade para impedir a entrada no rexistro da consellería dos xornalistas dos medios de comunicación que cubrían a entrega de sinaturas pedindo a dotación de celadores para o Hospital do Barbanza.

O 5 de abril acudían a Santiago de Compostela membros do Comité de Empresa do Hospital do Barbanza para presentar no rexistro da Consellería de Sanidade máis de 2.000 sinaturas co obxecto de solicitar que a Xunta de Galicia dote de celadores ao Hospital do Barbanza.

A convocatoria foi pública e no mesmo acto participamos dous deputados do Parlamento de Galicia.

Cando nos dirixiamos á entrada da consellería na que se accede ao rexistro xeral, aparece un cordón policial da Unidade Adscrita da Policía Nacional en Galicia composto por seis policías que impide formalmente a entrada dos xornalistas que quería cubrir informativamente o momento no que se depositan as sinaturas no rexistro da consellería por parte do Comité de Empresa do citado complexo hospitalario.

A preguntas do deputado que asina sobre quen lle dou a orde de impedir a entrada aos xornalistas, o policía con placa de identificación 27678 resposta que foi a Secretaria Xeral Técnica da Consellería de Sanidade.

Preguntado o citado axente da policía autonómica sobre si tiña a orde por escrito, di que non que só de palabra.

O deputado asinante descoñece precedentes de secretarías ou secretarios xerais dando ordes á Unidade Adscrita da Policía Nacional en Galicia.



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A unidade desprazada cun furgón policial e un vehículo turismo, composta por seis axentes e baixo o mando do inspector con placa de identificación número 18697, apareceu diante do edificio da Consellería de Sanidade uns minutos antes das once da mañá, hora sinalada polos convocantes para a entrega das sinaturas.

É unha vergonza a utilización das forzas e corpos de seguridade para poñer atrancos á libre expresión dos cidadáns, á difusión das reivindicacións de máis de 2.000 persoas que reclaman celadores para un Hospital público.

Polo anteriormente exposto e diante da gravidade dos feitos sucedidos, o deputado que asina formula a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

Quen dou a orde de enviar a unha unidade policial da Unidade Adscrita da Policía Nacional en Galicia á Consellería de Sanidade o día 5 de abril de 2011 con motivo da entrega de máis de 2.000 sinaturas por parte do Comité de Empresa do Hospital do Barbanza?

Pazo do Parlamento, 5 de abril de 2011

Asdo.: José Manuel Lage Tuñas
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lage Tuñas na data 05/04/2011 13:22:28



Grupo Parlamentario

A Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Manuel Lage Tuñas, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **por escrito** sobre a orde dada pola Consellería de Sanidade para impedir a entrada no rexistro da consellería dos xornalistas dos medios de comunicación que cubrían a entrega de sinaturas pedindo a dotación de celadores para o Hospital do Barbanza.

O 5 de abril acudían a Santiago de Compostela membros do Comité de Empresa do Hospital do Barbanza para presentar no rexistro da Consellería de Sanidade máis de 2.000 sinaturas co obxecto de solicitar que a Xunta de Galicia dote de celadores ao Hospital do Barbanza.

A convocatoria foi pública e no mesmo acto participamos dous deputados do Parlamento de Galicia.

Cando nos dirixiamos á entrada da consellería na que se accede ao rexistro xeral, aparece un cordón policial da Unidade Adscrita da Policía Nacional en Galicia composto por seis policías que impide formalmente a entrada dos xornalistas que quería cubrir informativamente o momento no que se depositan as sinaturas no rexistro da consellería por parte do Comité de Empresa do citado complexo hospitalario.

A preguntas do deputado que asina sobre quen lle dou a orde de impedir a entrada aos xornalistas, o policía con placa de identificación 27678 resposta que foi a Secretaria Xeral Técnica da Consellería de Sanidade.

Preguntado o citado axente da policía autonómica sobre si tiña a orde por escrito, di que non que só de palabra.

O deputado asinante descoñece precedentes de secretarías ou secretarios xerais dando ordes á Unidade Adscrita da Policía Nacional en Galicia.



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A unidade desprazada cun furgón policial e un vehículo turismo, composta por seis axentes e baixo o mando do inspector con placa de identificación número 18697, apareceu diante do edificio da Consellería de Sanidade uns minutos antes das once da mañá, hora sinalada polos convocantes para a entrega das sinaturas.

É unha vergonza a utilización das forzas e corpos de seguridade para poñer atrancos á libre expresión dos cidadáns, á difusión das reivindicacións de máis de 2.000 persoas que reclaman celadores para un Hospital público.

Polo anteriormente exposto e diante da gravidade dos feitos sucedidos, o deputado que asina formula a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

Quen dou a orde a unha unidade policial da Unidade Adscrita da Policía Nacional en Galicia de impedir a entrada dos medios de comunicación ao rexistro da Consellería de Sanidade o día 5 de abril de 2011 con motivo da entrega de máis de 2.000 sinaturas por parte do Comité de Empresa do Hospital do Barbanza?

Pazo do Parlamento, 5 de abril de 2011

Asdo.: José Manuel Lage Tuñas
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lage Tuñas na data 05/04/2011 13:34:36

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Manuel Lage Tuñas, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **por escrito** sobre a orde dada pola Consellería de Sanidade para impedir a entrada no rexistro da Consellería dos xornalistas dos medios de comunicación que cubrían a entrega de sinaturas pedindo a dotación de celadores para o Hospital do Barbanza.

O 5 de abril acudían a Santiago de Compostela membros do Comité de Empresa do Hospital do Barbanza para presentar no rexistro da consellería de Sanidade máis de 2.000 sinaturas co obxecto de solicitar que a Xunta de Galicia dote de celadores ao Hospital do Barbanza.

A convocatoria foi pública e no mesmo acto participamos dous deputados do Parlamento de Galicia.

Cando nos dirixíamos á entrada da consellería na que se accede ao rexistro xeral, aparece un cordón policial da Unidade Adscrita da Policía Nacional en Galicia composto por seis policías que impide formalmente a entrada dos xornalistas que quería cubrir informativamente o momento no que se depositan as sinaturas no rexistro da Consellería por parte do Comité de Empresa do citado complexo hospitalario.

A preguntas do deputado que asina sobre quen lle dou a orde de impedir a entrada aos xornalistas, o policía con placa de identificación 27678 resposta que foi a Secretaria Xeral Técnica da Consellería de Sanidade.

Preguntado ao citado axente da policía autonómica sobre si tiña a orde por escrito, di que non que só de palabra.

O deputado asinante descoñece precedentes de secretarías ou secretarios xerais dando ordes á Unidade Adscrita da Policía Nacional en Galicia.



Grupo Parlamentario

A unidade desprazada cun furgón policial e un vehículo turismo, composta por seis axentes e baixo o mando do inspector con placa de identificación número 18697, apareceu diante do edificio da consellería de Sanidade uns minutos antes das once da mañá, hora sinalada polos convocantes para a entrega das sinaturas.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

É unha vergonza a utilización das forzas e corpos de seguridade para poñer atrancos á libre expresión dos cidadáns, á difusión das reivindicacións de máis de 2.000 persoas que reclaman celadores para un hospital público.

Polo anteriormente exposto e diante da gravidade dos feitos sucedidos, formulamos a seguinte pregunta por escrito:

Quen dou a orde de impedir a impedir a entrada dos medios de comunicación ao rexistro da Consellería de Sanidade o día 5 de abril de 2011 con motivo da entrega de máis de 2.000 sinaturas por parte do Comité de Empresa do Hospital do Barbanza?

Pazo do Parlamento, 5 de abril de 2011

Asdo.: José Manuel Lage Tuñas
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lage Tuñas na data 05/04/2011 13:23:07



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pablo Xabier López Vidal e M^a José Caride Estévez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A Plataforma de Contratos Públicos de Galicia, segundo unha resposta recente a unha iniciativa parlamentaria, é unha aplicación informática que regula unha Orde de 4 de xullo de 2010.

En relación coa información e coa transparencia con que debe funcionar esta ferramenta de información sobre a contratación pública na Administración autonómica, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Na información de determinados concursos aparecen os seguintes arquivos da adxudicación: cadro comparativo de ofertas, puntuación de cada oferta, adxudicación provisional e adxudicación definitiva. Na maioría dos contratos esta información está oculta de vedada ao coñecemento público. Cal é a razón deste distinto proceder?
2. A hora de participar nun procedemento negociado sen publicidade poden ser invitadas ao mesmo empresas que forman parte da mesma sociedade aínda que presenten as súas ofertas con denominacións diferentes? Permite a Lei de Contratos do Sector Público este tipo de prácticas?
3. Está amparado pola norma que regula a contratación pública o suposto que nun procedemento negociado sen publicidade unha das tres empresas que é convidada a participar non presente oferta? Cales son as consecuencias diante desta actuación?
4. Como está a utilizar na práctica diaria a Xunta de Galicia este procedemento negociado sen publicidade previsto na regulación vixente?



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

5. Pode acontecer que a pesares das obrigas normativas e das facilidades que confiren as novas tecnoloxías, non consten na información de determinados concursos cuxo procedemento e o negociado sen publicidade nin a resolución definitiva nin os prazos de execución nin o cadro das características da licitación?
6. Como pode ser posible que un contrato de obras polo procedemento negociado sen publicidade e que non supera os 650.000 €, é adxudicado de xeito provisional en xuño de 2010 e se produce a súa adxudicación definitiva a mediados de febreiro do ano en curso, oito meses despois?
7. Que credibilidade e solvencia merece unha resolución de adxudicación dun contrato de servizos polo procedemento negociado sen publicidade que nos antecedentes de feito recolle o feito de que ningunha das empresas invitadas resultou excluída e logo se pode comprobar que unha delas desculpou a súa participación no concurso?

Pazo do Parlamento, 5 de abril de 2011

Asdo.: Pablo Xabier López Vidal

M^a José Caride Estévez

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Pablo Xabier López Vidal na data 05/04/2011 16:11:34

María José Caride Estévez na data 05/04/2011 16:11:38

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Pablo Xabier López Vidal, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta por **escrito**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por resolución do 24 de marzo de 2011 ábrese un novo prazo de admisión de ofertas para a licitación da obra de conservación ordinaria e de vialidade invernal da zona norte e da zona sur da provincia da Coruña.

Os motivos aducidos para tal modificación fundaméntanse na necesidade de modificar a fórmula de revisión de prezos indicada no cadro de características do contrato.

En relación con esta resolución, o deputado que asina formula as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cal é a causa desta modificación de revisión de prezos?
2. Que consecuencias reporta esta modificación para o desenvolvemento normal do procedemento de contratación no seu día iniciado?
3. Ten que afrontar a Xunta de Galicia algún tipo de compensación ou indemnización por esta modificación unilateral?
4. Como afecta este incidente procedimental no prazo de finalización deste contrato público?
5. Puido preverse por parte do órgano correspondente da administración pública esta revisión de prezos que fai preciso un novo prazo de admisión de ofertas?

Pazo do Parlamento, 5 de abril de 2011

Asdo.: Pablo Xabier López Vidal
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Pablo Xabier López Vidal na data 05/04/2011 16:13:44

Partido dos
Socialistas
de Galicia



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza


Á Mesa do Parlamento

Tereixa Paz Franco, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, relativa á intervención do persoal dos distritos forestais nos casos de ocupación en montes veciñais en man común.

Dende a Consellaría do Medio Rural, ao parecer, cursáronse instrucións ao persoal que presta os seus servizos nos diferentes distritos forestais no sentido de instalos a que se inhiban de intervir naqueles casos nos que se produza unha ocupación de terreos en montes veciñais en man común.

A xuízo do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego esta instrución, no caso de levarse adiante, supón un claro incumprimento en relación coas obrigas que a lexislación actualmente vixente lle impón á administración forestal galega en relación coa súa obriga de velar pola conservación e integridade dos montes veciñais en man común, ademais de ser un obstáculo, non sabemos si premeditado, para o desenvolvemento por parte dos propietarios comuneiros das súas tarefas e para a correcta xestión dos seus montes.

Estas son as razóns polas que o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través da deputada asinante, formula a seguinte Pregunta para a súa resposta escrita:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1ª) Tense cursado desde a Consellaría do Medio Rural algunha instrución aos distritos forestais instando aos seus empregados públicos a inhibirse no caso de ocupacións de montes veciñais?

2ª) De ser así, cales son as razóns de terse ditado esta instrución?

3ª) Non considera que tal instrución vulnera claramente as disposicións legais en relación coas obrigas da Consellaría competente en materia forestal de velar pola conservación e integridade dos montes veciñais?

4ª) Non cre que de levarse a cabo esta instrución se estará ademais obstaculizando o normal desenvolvemento dos montes veciñais e dificultándolles aos seus propietarios comuneiros a súa adecuada xestión?

5ª) Ten previsto, no seu caso, anular dita instrución?

Santiago de Compostela, 5 de Abril de 2011

Asdo. Tereixa Paz Franco

Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Tereixa Paz Franco na data 05/04/2011 13:22:33

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Manuel Lage Tuñas, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **por escrito**, co obxecto de dar a coñecer a política que está seguindo o **Goberno galego na xestión do parque móbil da Xunta de Galicia e a existencia de malas prácticas na xestión dos recursos públicos.**

A situación de crise económica e a necesidade de racionalizar o gasto público para facer máis eficiente o traballo da Administración pública é se cabe un acicate maior para a mellor xestión dos fondos públicos, que independentemente da conxuntura económica deben estar xestionados por criterios de transparencia, austeridade e eficiencia.

A chegada de Alberto Núñez Feijóo á Presidencia da Xunta de Galicia produciuse despois dunha sucia campaña electoral na que se mesturaron medias verdades e clamorosas falsidades.

O actual presidente de Galicia fixou solemnemente un suposto contrato cos galegos e coas galegas que vai camiño de ser incumplido na maioría dos seus puntos na metade xa do seu mandato.

Coñecíase fai escasos tempo a utilización de vehículos do parque móbil da Xunta de Galicia para fins particulares e usos privados por parte dun grupo de funcionarios cargos de libre designación elixidos polo Goberno de Núñez Feijóo.

Agora sabemos que non só é que se utilicen vehículos para uso particular senón que a Xunta de Galicia almacena vehículos nos seus almacéns sen darlle uso, tendo que asumir os custes de mantemento e os respectivos seguros.



Grupo Parlamentario

Ata o momento, o conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza non explicou ese uso fraudulento de recursos públicos por parte de cargos de libre designación do Goberno que preside Alberto Núñez Feijóo, cando é un clamor na Administración galega o malestar existente entre os empregados públicos diante desa situación.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A aparición de vehículos de alta gama nos baixos de San Caetano amosa a dobre moral do Partido Popular e dos seus principais dirixentes, o Sr. Núñez Feijóo e o Sr. Rueda.

No que vaia de lexislatura o Goberno que preside Alberto Núñez Feijóo ten gastado máis de 10 millóns de euros na adquisición de máis de 600 vehículos para renovar o parque móbil da Xunta de Galicia (a unha media de un ao día dende que Feijóo é presidente), ao mesmo tempo que mantiña inutilizados nos garaxes de San Caetano vehículos do parque móbil.

Non existe tampouco contención no gasto en alugueres de vehículos cando existe un parque móbil moi amplo e que ben utilizado podería servir para cubrir tódolos servizos de mobilidade que precisa a Administración autonómica.

Cabe recordar que o Partido Popular rexeitou unha proposta presentada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia no Debate do Estado da Autonomía para instar á Xunta de Galicia a reducir o gasto corrente no parque móbil da Xunta de Galicia a través da ampliación do período de vida útil do parque móbil existente. Indicábase ademais que, con carácter xeral, a substitución dos vehículos só podería levarse a cabo unha vez superados os 300.000 quilómetros e de maneira xustificada.

Os mesmos responsables políticos que predican austeridade e anuncian plans de austeridade manteñen unha parte da flota de vehículos inutilizada cos conseguíntes gastos de mantemento: reparacións, seguros, etc.



Grupo Parlamentario

É preciso que se clarifiquen as malas prácticas existentes na xestión do parque móbil da Xunta de Galicia e que o conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza tome decisións inmediatas para rectificar a mala xestión do parque móbil da Xunta de Galicia.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Polo anteriormente exposto, o deputado que asina formula as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Por que mantén a Xunta de Galicia unha parte da súa flota inutilizada e sen darlle uso?
2. Por que ten o Goberno galego vehículos de alta gama dentro do seu parque móbil inutilizados e xerando gastos?
3. Cal é o custe dos seguros dos vehículos propiedade da Xunta de Galicia que non están sendo utilizados?
4. Por que se opón o Goberno galego a conter o gasto na adquisición de vehículos?

Pazo do Parlamento, 5 de abril de 2011

Asdo.: José Manuel Lage Tuñas
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lage Tuñas na data 05/04/2011 16:32:29

Partido dos
Socialistas
de Galicia



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2011 17:56
Nº Rexistro: 63542
Data envío: 05/04/2011 17:56:01.429

Á Mesa do Parlamento

Ana Luisa Bouza Santiago e Ana Belén Pontón Mondelo, deputadas do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta, para a súa resposta escrita**, relativa á presenza dunha dotación policial no edificio do SERGAS coincidindo coa entrega de sinaturas sobre o Hospital do Barbanza.

O pasado 5 de Abril, unha representación de profesionais do Hospital do Barbanza e da recentemente creada Plataforma pola defensa da sanidade pública do Barbanza, achegáronse ao edificio do SERGAS en Compostela para facer entrega de ao redor de dúas mil sinaturas de persoas residentes no Barbanza reclamando a creación da figura de celador no Hospital do Barbanza.

No momento da entrega de sinaturas atopábase unha dotación de policía na porta do edificio que impediron que representantes dos medios de comunicación accedesen ao interior do mesmo para seren testemuñas da entrega de sinaturas. Segundo as súas indicacións, a petición da propia Consellería de Sanidade.

Semella unha actuación de restrición dos dereitos á información impropia dun Goberno respectuoso e democrático, e mais cando todas as accións que están a organizarse para defender a sanidade pública no Barbanza teñen sido sempre pacíficas e participativas.

Por este motivo, o Grupo do BNG realiza as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA

REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 05/04/2011 17:56

Nº Rexistro: 63542

Data envío: 05/04/2011 17:56:01.429

1ª) É coñecedor o Goberno galego da presenza dunha dotación policial no momento da entrega no Rexistro das sinaturas para reclamar a creación da figura do celador no Hospital do Barbanza?

2ª) Cal foi o motivo de que o Goberno galego reclamara a presenza da devandita dotación policial que impediu que os medios de comunicación puideran tomar imaxes da entrega das sinaturas no rexistro do SERGAS?

Santiago de Compostela, 5 de abril de 2011.

Asdo.: Ana Luisa Bouza Santiago

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Ana Luisa Bouza Santiago na data 05/04/2011 17:54:29

Ana Belén Pontón Mondelo na data 05/04/2011 17:54:38



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Concepción Burgo López, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta escrita**.

Os concellos son entidades fundamentais para a dinamización cultural dos seus territorios e conseguir que a cultura se achegue a toda a poboación. Nestes momentos de diminución de ingresos que están a sufrir todas as administracións e fundamentalmente os concellos, a colaboración institucional é fundamental para o desenvolvemento de actividades culturais.

Polo exposto, a deputada asinante formula as seguintes preguntas:

- 1.^a) Que accións de colaboración económica realizou a Consellería de Cultura e Turismo a través de convenios, subvencións ou calquera outra fórmula para actividades culturais cos Concellos da Coruña, Vigo, Santiago de Compostela, Ourense, Pontevedra, Lugo e Ferrol no ano 2010?
- 2.^a) Cales foron esas actividades e que cantidade aportou a Consellería de Cultura e Turismo para cada unha delas?
- 3.^a) Que accións de colaboración ten previstas realizar a Consellería de Cultura e Turismo cos ditos concellos no ano 2011?

Pazo do Parlamento, 6 de abril de 2011

Asdo.: Concepción Burgo López
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:



 Grupo Parlamentario

María Concepción Burgo López na data 06/04/2011 9:53:56

Partido dos
Socialistas
de Galicia



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Concepción Burgo López, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta escrita**.

Como é habitual na Consellería de Cultura e Turismo, á reposta dada á pregunta nº 59225, asinada por esta deputada, sobre o Programa Letras Vivas, é parcial e abre novos interrogantes, polo que a deputada asinante formula as seguintes preguntas:

- 1.^a) Cal é a cantidade concreta que a Consellería de Cultura e Turismo ten presuposta para o programa Letras Vivas no ano 2011?
- 2.^a) En que partida dos orzamentos da Consellería de Cultura e Turismo está consignada esta cantidade?
- 3.^a) Os orzamentos que di haber investido a Consellería de Cultura e Turismo no referido programa nos anos 2008, 2009 e 2010 na súa resposta antedita, inclúe o pagado polos beneficiarios de dito programa o refírese o gasto exclusivo da consellería?

Pazo do Parlamento, 6 de abril de 2011

Asdo.: Concepción Burgo López
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Concepción Burgo López na data 06/04/2011 9:59:23

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Manuel Lage Tuñas e Modesto Pose Mesura, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte pregunta para a súa resposta **por escrito co obxecto de coñecer os intereses que defende o Goberno galego ao poñer en marcha a privatización do servizo de diálise do Hospital do Barbanza.**

O comité de empresa do Hospital de Barbanza denunciaba publicamente no mes de marzo de 2011 a posta marcha dun proxecto de privatización do servizo de diálise do hospital por parte dos actuais xestores da sanidade pública galega.

O Goberno galego négase a ampliar o servizo de diálise incorporando máis profesionais o que ten como consecuencia que os doentes da comarca do Barbanza teñan en moitas ocasións que desprazarse a Santiago de Compostela a dializarse.

Ao mesmo tempo que negan a ampliación do servizo público do hospital, abren as portas a unha entidade privada para proceder á privatización do citado servizo polo porta de atrás.

Na actualidade existe un importante número de peticións dos pacientes da zona que teñen que ir a dializarse ao hospital Clínico de Santiago de Compostela, porque non existen prazas actualmente no hospital barbanzano.

As palabras do Xerente do Hospital do Barbanza certifican que a Consellería de Sanidade optará por privatizar o servizo en vez de aumentalo. Neste momento o servizo préstase luns, mércores e venres, e poderíase ampliar a martes, xoves e sábado, no caso de que houbese persoal suficiente no centro hospitalario.



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A posible privatización significará poñer en mans dunha entidade privada a unidade de diálise sen custe algún para esta entidade privada que se atoparía con tódolos servizos e tecnoloxía do centro así como os servizos básicos cubertos polos presupostos públicos do Hospital do Barbanza, o que na práctica significará que só terían que poñer os funxibles e facturar un servizo precario que nada terá que ver cun servizo de diálise como o do Hospital Clínico de Santiago de Compostela onde hai presenza permanente de nefrólogos.

Cabe recordar que xa o mércores 23 de marzo representantes da Fundación FRIAT estiveron no servizo de diálise estudando as máquinas coas que conta o mesmo, as quendas dos traballadores, e o discorrer habitual do citado servizo.

O afán privatizador do Partido Popular queda ben retratado coa decisión de entregarlle a unha entidade privada un servizo público e non dotando ao centro hospitalario con máis recursos humanos. Esta decisión ratificaría unha vez máis a idea que ten o Partido Popular sobre os servizos de Sanidade, xa que a ven como un negocio e non como un servizo público.

Os socialistas galegos temos a honra de ter disolto as fundacións que xestionaban os hospitais comarcais, favorecendo a integración do Hospital do Barbanza, como outros comarcais, na rede pública do Sergas. Un importante paso dado na pasada lexislatura que agora comeza a verse afectado por unha especie de volta ao pasado polo afán privatizador do goberno que preside Alberto Núñez Feijóo.

Estamos diante dunha volta ao pasado, cabe recordar a conversión dos hospitais comarcais de Barbanza e Costa da Morte en Fundacións fíxose por parte dun Goberno no que o Sr. Núñez Feijóo era o secretario xeral da Consellería de Sanidade.



Grupo Parlamentario

Os socialistas galegos pedimos unha rectificación por parte do Goberno que preside Alberto Núñez Feijóo, porque os cidadáns do Barbanza teñen dereito a un servizo público digno e en condicións semellantes ao que se presenta no Hospital de Santiago de Compostela.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Imos a seguir defendendo a dotación de máis recursos humanos para o hospital do Barbanza e a mellora do seu equipamento así como dos seus servizos, pensando en dotar a esta comarca da mellor asistencia sanitaria posible.

Polo anteriormente exposto, os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Por que o Goberno galego non amplía o servizo de diálise do hospital do Barbanza si o centro hospitalario dispón da tecnoloxía e a unidade necesaria para prestar o citado servizo de xeito completo?
2. Por que o Goberno galego quere poñer en mans dunha Entidade privada a xestión dun servizo público hospitalario?
3. Cales son os verdadeiros intereses que están movendo á Consellería de Sanidade a introducir a presenza da citada entidade privada nos hospitais galegos?
4. Por que o Goberno galego non dota co persoal necesario á unidade de diálise para evitar así que os doentes teñan que desprazarse a Santiago de Compostela?

Pazo do Parlamento, 6 de abril de 2011

Asdo.: José Manuel Lage Tuñas
Modesto Pose Mesura
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lage Tuñas na data 06/04/2011 10:16:38

Modesto Pose Mesura na data 06/04/2011 10:16:45

Partido dos
Socialistas
de Galicia



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Manuel Lage Tuñas, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **por escrito** sobre a presenza dunha UNIDADE POLICIAL da UNIDADE ADSCRITA DA POLICIA NACIONAL EN GALICIA na entrada da Consellería de Sanidade coincidindo coa entrega de sinaturas pedindo a dotación de celadores para o Hospital do Barbanza por parte do Comité de Empresa do citado centro e dous deputados do Parlamento de Galicia.

O 5 de abril acudían a Santiago de Compostela membros do Comité de Empresa do Hospital do Barbanza para presentar no rexistro da consellería de Sanidade máis de 2.000 sinaturas co obxecto de solicitar que a Xunta de Galicia dote de celadores ao Hospital do Barbanza.

A convocatoria foi pública e no mesmo acto participamos dous deputados do Parlamento de Galicia.

Cando nos dirixíamos á entrada da consellería na que se accede ao rexistro xeral, aparece un cordón policial da Unidade Adscrita da Policía Nacional en Galicia composto por seis policías que impide formalmente a entrada dos xornalistas que quería cubrir informativamente o momento no que se depositan as sinaturas no rexistro da Consellería por parte do Comité de Empresa do citado complexo hospitalario.

A preguntas do deputado que asina sobre quen lle dou a orde de impedir a entrada aos xornalistas, o policía con placa de identificación 27678 resposta que foi a Secretaria Xeral Técnica da Consellería de Sanidade.

Preguntado ao citado axente da policía autonómica sobre si tiña a orde por escrito, di que non que só de palabra.

O deputado asinante descoñece precedentes de secretarías ou secretarios xerais dando ordes á Unidade Adscrita da Policía Nacional en Galicia.



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A unidade desprazada cun furgón policial e un vehículo turismo, composta por seis axentes e baixo o mando do inspector con placa de identificación número 18697, apareceu diante do edificio da consellería de Sanidade uns minutos antes das once da mañá, hora sinalada polos convocantes para a entrega das sinaturas.

É unha vergonza a utilización das forzas e corpos de seguridade para poñer atrancos á libre expresión dos cidadáns, á difusión das reivindicacións de máis de 2.000 persoas que reclaman celadores para un hospital público.

Polo anteriormente exposto e diante da gravidade dos feitos sucedidos, o deputado que asina formula as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Quen dou a orde de enviar a unha unidade policial da Unidade Adscrita da Policía Nacional en Galicia á consellería de Sanidade o día 5 de abril de 2011 con motivo da entrega de máis de 2.000 sinaturas por parte do Comité de Empresa do Hospital do Barbanza?
2. Que motivacións hai para enviar un corpo policial a cubrir unha entrega de sinaturas por parte dos representantes dos traballadores do hospital do Barbanza xunto a dous deputados (un deputado e unha deputada) do Parlamento de Galicia?
3. Quen dou a orde a unha unidade policial da Unidade Adscrita da Policía Nacional en Galicia de impedir a entrada dos medios de comunicación ao rexistro da consellería de Sanidade o día 5 de abril de 2011 con motivo da entrega de máis de 2.000 sinaturas por parte do Comité de Empresa do Hospital do Barbanza?
4. Por que se intenta coartar o dereito á difusión e á liberdade de expresión dos cidadáns coas súas lexítimas reivindicacións por parte da consellería de Sanidade utilizando o corpo da Unidade Adscrita da Policía Nacional en Galicia?

Pazo do Parlamento, 6 de abril de 2011

Asdo.: José Manuel Lage Tuñas
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lage Tuñas na data 06/04/2011 11:00:49

Partido dos
Socialistas
de Galicia



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Manuel Lage Tuñas, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **por escrito** sobre a orde dada pola Consellería de Sanidade para impedir a entrada no rexistro da consellería dos xornalistas dos medios de comunicación que cubrían a entrega de sinaturas pedindo a dotación de celadores para o Hospital do Barbanza.

O 5 de abril acudían a Santiago de Compostela membros do Comité de Empresa do Hospital do Barbanza para presentar no rexistro da consellería de Sanidade máis de 2.000 sinaturas co obxecto de solicitar que a Xunta de Galicia dote de celadores ao Hospital do Barbanza.

A convocatoria foi pública e no mesmo acto participamos dous deputados do Parlamento de Galicia.

Cando nos dirixíamos á entrada da consellería na que se accede ao rexistro xeral, aparece un cordón policial da Unidade Adscrita da Policía Nacional en Galicia composto por seis policías que impide formalmente a entrada dos xornalistas que quería cubrir informativamente o momento no que se depositan as sinaturas no rexistro da Consellería por parte do Comité de Empresa do citado complexo hospitalario.

A preguntas do deputado que asina sobre quen lle dou a orde de impedir a entrada aos xornalistas, o policía con placa de identificación 27678 resposta que foi a Secretaria Xeral Técnica da Consellería de Sanidade.

Preguntado ao citado axente da policía autonómica sobre si tiña a orde por escrito, di que non que só de palabra.

O deputado asinante descoñece precedentes de secretarías ou secretarios xerais dando ordes á Unidade Adscrita da Policía Nacional en Galicia.



 Grupo Parlamentario

A unidade desprazada cun furgón policial e un vehículo turismo, composta por seis axentes e baixo o mando do inspector con placa de identificación número 18697, apareceu diante do edificio da consellería de Sanidade uns minutos antes das once da mañá, hora sinalada polos convocantes para a entrega das sinaturas.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

É unha vergonza a utilización das forzas e corpos de seguridade para poñer atrancos á libre expresión dos cidadáns, á difusión das reivindicacións de máis de 2.000 persoas que reclaman celadores para un hospital público.

Polo anteriormente exposto e diante da gravidade dos feitos sucedidos, o deputado que asina formula as seguintes preguntas para a súa resposta escrita

1. Quen dou a orde de impedir a impedir a entrada dos medios de comunicación ao rexistro da consellería de Sanidade o día 5 de abril de 2011 con motivo da entrega de máis de 2.000 sinaturas por parte do Comité de Empresa do Hospital do Barbanza?
2. Que razóns ten a consellería de Sanidade para impedir a presenza dos medios de comunicación na presentación de máis de 2.000 sinaturas por parte do Comité de Empresa do Hospital do Barbanza?
3. Por qué se intenta coartar o dereito á difusión e á liberdade de expresión dos cidadáns coas súas lexítimas reivindicacións?
4. Quen dou a orde de enviar a unha unidade policial da Unidade Adscrita da Policía Nacional en Galicia á consellería de Sanidade o día 5 de abril de 2011 con motivo da entrega de máis de 2.000 sinaturas por parte do Comité de Empresa do Hospital do Barbanza?
5. Quen dou a orde a unha unidade policial da Unidade Adscrita da Policía Nacional en Galicia de impedir a entrada dos medios de comunicación ao rexistro da consellería de Sanidade o día 5 de abril de 2011 con motivo da entrega de máis de 2.000 sinaturas por parte do Comité de Empresa do Hospital do Barbanza?

Pazo do Parlamento, 6 de abril de 2011

Asdo.: José Manuel Lage Tuñas
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lage Tuñas na data 06/04/2011 11:01:17

Partido dos
Socialistas
de Galicia



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Isabel Sánchez Montenegro e Ana Luísa Bouza Santiago, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

O concello de Taboada, que conta cunha poboación que supera os tres mil habitantes, distribuída en 27 parroquias e ocupando unha extensión duns 146 Km2, é un concello cunha grande dispersión poboacional e un forte avellentamento da súa poboación (máis do 40% supera os 65 anos de idade).

No seu día elimináronse as gardas médicas de tarde e en festivos e fins de semana nos centros de saúde e concentráronse nos Puntos de Atención Continuada (PAC). O concello de Taboada foi un dos concellos nos que se eliminaron as gardas médicas, quedando adscrito ó PAC de Guntín situado a uns 25 km da capitalidade do concello de Taboada.

No concello de Guntín hai dúas farmacias, unha situada a carón do centro de saúde e outra en Lousada, un núcleo de poboación distante uns 10 km da capitalidade do Concello.

Cando coincide de garda a farmacia que está en Lousada, os veciños e veciñas de Taboada que deben acudir de urxencia ó PAC de Guntín e saen deste cunha prescrición non poden retirar a medicación alí mesmo, senón que deben desprazarse ata Lousada para poder facelo. Polo que, en moitas ocasións eses veciños e veciñas de Taboada deben desprazarse máis de 40 Km para poder adquirir os medicamentos que precisan o que provoca fortes trastornos e custos a eses cidadáns.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O BNG considera que a Xunta de Galiza debe adoptar as medidas necesarias para garantir que eses cidadáns, en moitos casos maiores e con poucos ingresos, non teñan que realizar eses largos desprazamentos para retirar os medicamentos que precisan.

Polo exposto, formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1ª) Coñece a Consellería de Sanidade os feitos descritos nesta iniciativa?

2ª) Que valoración fai dos mesmos?

3ª) Ten previsto a Consellería de Sanidade tomar algunha medida para evitar eses desprazamentos de máis de 40 Km ós veciños e veciñas de Taboada para poder adquirir os seus medicamentos? En caso afirmativo, que medidas?

Santiago de Compostela, 6 de Abril de 2011

Asdo. Isabel Sánchez Montenegro

Ana Luísa Bouza Santiago

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Isabel Sánchez Montenegro na data 06/04/2011 16:17:07

Ana Luisa Bouza Santiago na data 06/04/2011 16:17:13

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Carmen Cajide Hervés, Beatriz Sestayo Doce e Modesto Pose Mesura, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta por **escrito**.

Ó inicio da actual lexislatura, o actual presidente da Xunta de Galicia, comprometeuse a construír un centro de día en todos os concellos con poboación superior a 1.500 habitantes.

Nese marco, o Goberno municipal do Concello de Cuntis comezou, fai 3 anos, o proceso para dotar á xente do seu municipio dun servizo de máxima importancia para mellorar as condicións de vida das persoas maiores e facilitar un servizo fundamenta de conciliacións para as súas familias.

A Alcaldesa de Cuntis, Fátima Monteagudo Pereira, despois de moitas e variadas xestións, segue a esperar unha resposta definitiva que converta en realidade un proxecto no que a Administración autonómica ten investido 760.045,68 € e o Concello 84.449.52€.

As últimas xestións realizadas dende o Goberno municipal coas diferentes Administracións, teñen unha dobre finalidade:

- 1) facer efectivo o convenio co Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para a posta en funcionamento do Centro.
- 2) facilitar o vial de acceso ás instalacións.

O Goberno Municipal, manifesta a súa preocupación por non contar co servizo para os seus veciños e veciñas, e tamén pola situación na que se atopan as instalacións do Centro de Día despois de 2 anos de ter rematado as obras. Dado que está situado considerablemente distante do centro préstase a ataques de vandalismo, de feito xa entraron varias veces nel, e incluso lle roubaron as placas solares.



Grupo Parlamentario

Polo anteriormente exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

1. Cal é a previsión da Xunta de Galicia para que estea en funcionamento o Centro de Día de Cuntis?
2. Desde a Xunta de Galicia estáselle buscando solución ao acceso?

Pazo do Parlamento, 7 de abril de 2011

Asdo.: Carmen Cajide Hervés

Beatriz Sestayo Doce

Modesto Pose Mesura

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Cajide Hervés na data 07/04/2011 9:59:04

Beatriz Sestayo Doce na data 07/04/2011 9:59:11

Modesto Pose Mesura na data 07/04/2011 9:59:15

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Pablo Xabier López Vidal, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta por **escrito**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O pasado 1 de marzo a Xunta de Galicia resposta unha pregunta parlamentaria formulada no seu día por escrito, sobre as intencións da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas respecto da construción dunha pasarela peonil na ponte sobre o río Badella, no Concello de Bande.

Na resposta co número de rexistro 61057, se manifesta que por parte da “Dirección Xeral de Infraestruturas non ten previsto actuar na estrada OU-411, a saída do núcleo de Bande”

Transcorridos 33 días desta resposta parlamentaria, aparece publicado nos medios de comunicación de Ourense que a Xunta de Galicia está estudando como ampliar a ponte sobre o río Badella. Que na semana do 3 de abril se desprazaron técnicos da Consellería para estudar sobre o terreo as posibles solucións de ampliación desta ponte na estrada OU-411.

En relación con esta evidente contradición, e diante da súa gravidade, o deputado que asina formula as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. De confirmarse estas informacións, que mudou nun mes para cambiar de criterio a hora de solucionar a necesidade de ampliar esta ponte en Bande?
2. En que data estiveron os técnicos da Consellería de Infraestruturas visitando sobre o terreo esta estrada autonómica e que solucións se propoñen para a ampliación desta ponte?
3. Que cronograma manexa a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas a hora de acometer esta obra de mellora da seguridade viaria?



 Grupo Parlamentario

4. De confirmarse esta nova, quen asume a responsabilidade de mentir en sede parlamentaria?


Pazo do Parlamento, 7 de abril de 2011

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asdo.: Pablo Xabier López Vidal
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Pablo Xabier López Vidal na data 07/04/2011 10:19:27



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/04/2011 11:21
Nº Rexistro: 63596
Data envío: 07/04/2011 11:21:48.489

Á MESA DO PARLAMENTO

Carlos Aymerich Cano e Ana Luisa Bouza Santiago, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita**, relativa á situación do complexo xerontolóxico privado “Esvida” situado en Matogrande, A Coruña.

O pasado luns 4 de abril, a dirección do complexo xerontolóxico “Esvida”, pertencente ao grupo “Sanyres”, comunicou ao plantel de traballadores (60 entre fixos e eventuais) e aos usuarios (147) que o centro pechará o vindeiro 4 de maio ao non acceder o Banco de Santander, propietario do inmóbel, a renegociar a débeda contraída por “Sanyres” con esta entidade financeira.

Nun primeiro momento a Xunta de Galiza optou por eludir calquera responsabilidade aludindo ao carácter privado da empresa e a que os traslados de residentes non son da súa competencia, mais a presión das traballadoras e dos usuarios logrou que da pasividade inicial se pasase a unha atitude máis exixente tanto no plano laboral – pois é a Xunta quen ten de resolver o ERE solicitado pola empresa – como no do servizo – dado que é tamén a Xunta quen debe autorizar, de conformidade co establecido no art. 68 da Lei Galega de Servizos Sociais e na súa normativa de desenvolvemento, o cesamento na actividade do centro.

Contodo, malia ser positivo, este cambio de atitude da Xunta resulta claramente insuficiente. O goberno galego non debe limitarse a lle lembrar á empresa as súas obrigas legais. O goberno debe liderar, utilizando todos os medios ao seu alcance, os traballos para conseguir que o centro “Esvida” permaneza aberto



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/04/2011 11:21
Nº Rexistro: 63596
Data envío: 07/04/2011 11:21:48.489

comprometéndose a non autorizar nin o ERE solicitado por “Sanyres” nin tampouco o cesamento da actividade, máxime cando existen fundadas dúbidas de que o peche poida obedecer a motivos especulativos.

Así as cousas, formúlanse as seguintes cuestións:

Está disposta a Xunta de Galiza a liderar, xunto coas traballadoras e os usuarios, as accións tendentes á continuidade do complexo “Esvida” na súa ubicación actual? En concreto, está disposta a Xunta a garantir que non vai autorizar nin o ERE nin o cesamento da actividade de “Esvida”?

Santiago de Compostela, a 7 de abril de 2011

Asdo. Carlos Aymerich Cano
Deputado do G.P. do BNG

Asdo.: Ana Luisa Bouza Santiago
Deputada do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 07/04/2011 11:19:58

Ana Luisa Bouza Santiago na data 07/04/2011 11:20:04



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/04/2011 11:24
Nº Rexistro: 63599
Data envío: 07/04/2011 11:24:08.783

Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo e Ana Luisa Bouza Santiago, deputadas do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta, para a súa resposta escrita**, relativa ás previsións da Xunta de Galiza en relación co Punto de Atención Continuada (PAC) d'A Pobra do Caramiñal.

No concello d'A Pobra do Caramiñal existe neste momento un PAC. Un servizo de proximidade que garante unha atención sanitaria continúa, tanto durante os días laborábeis, como durante a fin de semana.

Para o Bloque Nacionalista Galego (BNG) é importante o mantemento destes servizos, que non só garanten unha atención médica constante, senón porque son relevantes á hora de evitar que os servizos de urxencias hospitalarios se conxestionen –aínda máis–.

A Xunta vén de convocar un concurso de traslados no Sergas e chama poderosamente a atención que non se teña incluído ao persoal do PAC d'A Pobra do Caramiñal. Un síntoma de que a administración sanitaria non ten clara a continuidade deste servizo.

Unha situación similar á que se vive noutro concello da comarca de Barbanza, como é o caso de Rianxo, onde o futuro do PAC tamén está posto en cuestión. De feito, segundo se ten indicado nalgún medio de comunicación, a Xunta de Galiza non garante a continuidade do mesmo, nin ten desmentido que estea ponderando a súa eliminación.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/04/2011 11:24
Nº Rexistro: 63599
Data envío: 07/04/2011 11:24:08.783

Consideramos importante que o Goberno de Galiza clarifique a súa posición en relación co futuro deste servizo sanitario. O BNG ten un compromiso claro e firme coa defensa da sanidade, pensamos que o responsábel é mellorar ás prestacións e recursos sanitarios, desbotando calquera recorte neste terreo.

Estamos fondamente preocupados coa incidencia negativa das decisións que ven adoptando o Goberno en materia sanitaria. Asistimos a un recorte de fondos e recursos, que ten como consecuencia un deterioro da calidade asistencial. Ao tempo, aplícase un descarado intento privatizador de servizos e recursos sanitarios. Unha política que non é neutra, busca favorecer intereses económicos privados, a costa dun dereito básico como é o dereito á saúde de todas as persoas. Desde o BNG instamos á Xunta a rectificar esta política, rexeitando o recorte de servizos e apostando pola sanidade pública, única garantía dun acceso igualitario e de calidade aos servizos sanitarios.

Polo dito, formulamos ás seguintes preguntas para a súa resposta escrita:


- 1.^a) Que razóns explican que o persoal do PAC d'A Pobra do Caramiñal non se incluíra no concurso de traslados convocado polo Sergas?
- 2.^a) Está a Xunta de Galiza valorando a supresión do PAC d'A Pobra do Caramiñal?
- 3.^a) Comprométese a Xunta de Galiza a manter este servizo nas mesmas condicións que na actualidade?

Santiago de Compostela, 7 de abril de 2011.

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo

Ana Luisa Bouza Santiago

Deputadas do G.P. do BNG.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza




PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/04/2011 11:24
Nº Rexistro: 63599
Data envío: 07/04/2011 11:24:08.783

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 07/04/2011 11:23:03

Ana Luisa Bouza Santiago na data 07/04/2011 11:23:13



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/04/2011 13:18
Nº Rexistro: 63611
Data envío: 07/04/2011 13:18:12.714

Á Mesa do Parlamento

Carlos Aymerich Cano, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita**, relativa ao estado do treito da AC-433 que atravesa o Concello de Laxe.

O 14 de abril de 2010 a páxina oficial da Xunta de Galiza publicaba unha nova segundo a cal “A Xunta inviste na Costa da Morte preto de 14 millóns de euros nas obras de mellora e acondicionamento das estradas AC-552 (A Coruña-Cee) e AC-433 (Ponte do Porto-Laxe), na Costa da Morte”. Para a AC-433 a nota indica que “o proxecto ten por obxectivo definir as obras necesarias para o acondicionamento da estrada AC-433 de Ponte do Porto a Laxe, atendendo ás diferentes características técnicas segundo o treito. No primeiro tramo estúdase a posibilidade de converter a estrada nun viario paisaxístico”. A información oficial tamén especifica as características técnicas da intervención: “a lonxitude da estrada sobre a que se levará a cabo a actuación é de 12.600 metros. A sección tipo en ensanche conta cuns carrís de 2 x 3 metros e unhas beiravías de 2 x 1 metros, sumando un total de 8 metros. A sección tipo en variante ten carrís de 2 x 3,50 m e beiravías de 2 x 1, resultando un total de 9 metros. Cabe citar que existe un radio mínimo de 50 metros e a velocidade de proxecto alcanza os 60 km/hora”.

Porén pasado xa case un ano desde o anuncio, os viciños e viciñas de Laxe comprobamos que aínda que as obras melloraron efectivamente un treito da estrada – o que discorre polo termo municipal de Vimianzo – desde o inicio do termo de Laxe a estrada segue no seu estado anterior, sen que desde a Xunta se dese razón ningunha.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/04/2011 13:18
Nº Rexistro: 63611
Data envío: 07/04/2011 13:18:12.714

Así pois, á vista destes dados, formúlanse as seguintes cuestións:

Porque razón as obras de mellora da AC-433 paralizáronse no inicio do termo municipal de Laxe? Cando prevé a Xunta retomar estas obras e estender tamén ao treito que discorre por Laxe as obras de melloría da AC-433?

Santiago de Compostela, a 7 de abril de 2011.

Asdo.: Carlos Aymerich Cano
Deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 07/04/2011 13:15:51



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Lage Tuñas, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta por **escrito**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Cal ten sido o impacto da implantación da Televisión Dixital Terrestre na sociedade galega despois do apagón analóxico do 3 de abril de 2010?

Pazo do Parlamento, 7 de abril de 2011

Asdo.: José Manuel Lage Tuñas
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lage Tuñas na data 07/04/2011 18:05:51



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias


PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

RS/mc

- 5 ABR. 2011

Núm.

63474



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm. 41660**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María do Carme Adán Villamarín e don Henrique Viéitez Alonso, sobre **"a situación do colexio das monxas de Tortoreos nas Neves"**, (publicada no BOPG núm.: 305, do 3 de setembro de 2010), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

"Pola Sra. Dona Purificación Fontán de Elduayen, marquesa viúva do Pazo da Merced, outorgouse o 3 de decembro de 1912 escritura pública ante o Notario Francisco Gamallo Paz (baixo o nº 497 do seu Protocolo) de fundación dun establecemento benéfico-docente. A dita fundación leva por nome '*Colegio de la Virgen de la Merced*', con domicilio en Tortoreos, concello das Neves (Pontevedra).

O fin fundacional establece a ensinanza cristiá, educación e instrución completa e gratuíta ás nenas, non só da parroquia de Tortoreos, senón tamén das Neves, Rubiós e das nenas pobres das demais parroquias que ao colexio queiran asistir.

Figuran na escritura fundacional como patróns o Bispo de Tui, como presidente; o párroco de Tortoreos, como vicepresidente; o abade e o alcalde das Neves como vogais e os coadxutores de Tortoreos e As Neves como Secretario e Vicesecretario, respectivamente.



O edificio do colexio consta de planta baixa e piso alto, construído pola outorgante para o fin fundacional, formando parte dunha finca no lugar de Carrascás, na parroquia de Tortoreos, que mide unha superficie aproximada de 10 áreas.

Por Real orde do Ministerio de *Instrucción Pública y Bellas Artes* publicada na Gaceta do 8 de marzo de 1914 clasifícase a fundación co carácter de particular benéfico docente (número 1914/1).

Segundo os antecedentes dispoñibles, no ano 1974 o Patronato cedeu a finca e o inmovible a Escola Familiar Agraria (EFA) A´Cancela (integrada na *Sociedad Cooperativa Escuelas Familiares Agrarias de Galicia*, inscribíndose no seu día no *Registro Oficial de Cooperativas del Ministerio de Trabajo* co número 23136).

No arquivo administrativo consta a documentación remitida nos anos 1989 e 1990 pola *Fundación Virgen de la Merced* relativa á solicitude formulada pola Cooperativa das Escolas Familiares Agrarias de Galicia para a donación dos bens cedidos no ano 1974, garantindo unha non alteración dos fins fundacionais e como requisito necesario para acometer as obras de adaptación do inmovible. De conformidade co acordado pola Fundación, non se tramitou a dita solicitude.

A *Fundación Benéfico Docente Colegio Virgen de la Merced* non consta como perceptora da subvención outorgada nos últimos anos pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

A EFA de A´Cancela é un centro docente sostido con fondos públicos (código do centro 36005671), que imparte os ciclos formativos de grao medio de panadería, repostería e confitería e de administración e finanzas. Dispón tamén dun PCPI de Servizos Administrativos.




Pola Orde do 9 de xaneiro de 2009 (DOG. núm. 14, do 21 de xaneiro) se ditan as normas para a aplicación do réxime de concertos educativos con centros docentes privados a partir do curso 2009/2010. Por Orde do 26 de agosto de 2009 (DOG. número 170, do 31 de agosto) e Orde do 11 de agosto de 2010 (DOG. núm.161, do 23 de agosto) apróbanse os concertos educativos. Nos correspondentes anexos das ditas ordenes recóllese que a EFA A 'Cancela ten concertadas 5 unidades.

De conformidade co establecido no artigo 117 da L.O. 2/2006, do 3 de maio, de educación, o importe do módulo económico por unidade escolar para os efectos de distribución da contía global dos fondos públicos destinados ao sostemento dos centros concertados para o ano 2011 é o fixado no anexo 2 da Lei 14/2010, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2011 (DOG. núm. 250, do 30 de decembro)."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García


Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/mc



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 41678**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Concepción Burgo López, sobre **"a non resolución pola Consellería de Cultura e Turismo da convocatoria de subvencións a concellos para apoio ás festas populares e outros eventos de contido turístico"**, (publicada no BOPG núm.: 305, do 3 de setembro de 2010), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura e Turismo**, que ten o seguinte contido:

"A Convocatoria de subvencións con destino ao apoio a festas populares e outros eventos de contido turístico nos concellos está rematada e as resolucións notificadas.

Como consecuencia do peche anticipado do exercicio orzamentario na anualidade 2009, o pagamento da totalidade das subvencións concedidas non puido facerse efectivo na devandita anualidade, polo que os créditos destinados a esta finalidade quedaron pendentes de ser imputados ao exercicio 2010. Imputación que, por dificultades orzamentarias, se ~~demorou~~ ata o derradeiro trimestre do ano, imposibilitando o novo peche orzamentario o seu pagamento.

Para estes créditos solicitouse novamente a imputación no presente exercicio 2011 e a día de hoxe están en fase de pagamento todas as subvencións que quedaron pendentes.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

No ano 2010 convocáronse novamente estas subvencións que, polas mesmas causas de peche anticipado do exercicio orzamentario, estanse a pagar na presente anualidade 2011.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 30 de marzo de 2010

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/bi



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm. 42840**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Belén Pontón Mondelo e don Henrique Viéitez Alonso, sobre **"a destrución da cruz da Picaraña (Ponteareas)"**, (publicada no BOPG núm. 311, do 13 de setembro de 2010), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura e Turismo**, que ten o seguinte contido:

"Polo que respecta á restauración da cruz xubilar e viacrucis da Picaraña, desde o punto de vista da tramitación administrativa do expediente orixinado con motivo dos danos producidos neste xacemento arqueolóxico, constan na Xefatura Territorial de Pontevedra as seguintes actuacións :

- Con data de 29 de decembro de 2009, o concello de Ponteareas remite informe técnico e reportaxe fotográfica solicitando autorización para a restauración da citada cruz xubilar.
- Con data 25 de maio de 2010 emítese informe por parte dos servizos do departamento territorial de Pontevedra, no que se recolle a urxencia na intervención, dada a posibilidade de derrube do cruceiro, e se require proxecto de restauración.
- Con data 09 de xuño de 2010, comunícase mediante escrito do xefe territorial de Cultura e Turismo de Pontevedra a necesidade de presentar o correspondente proxecto de restauración para a súa autorización."



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias


Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/bl



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm. 43493**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Cajide Hervés e dona María Remedios Quintas Álvarez, sobre **"situación na que se atopa o proceso de licitación do albergue de Pontecesures"**, (publicada no BOPG núm. 312, do 14 de setembro de 2010), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura e Turismo**, que ten o seguinte contido:

"A actual Xunta de Galicia -plenamente consciente da importancia dun evento da transcendencia do Ano Santo para o desenvolvemento dos nosos sectores cultural e turístico- ven de realizar un esforzo máis que notable no tocante á planificación, preparación e execución do Xacobeo 2010.

Un esforzo que pode ser valorado analizando os resultados turísticos acadados no pasado ano 2010, no que se rexistraron máis de 9,3 millóns de visitantes que se achegaron á nosa terra e no que Galicia acadou a maior cifra de peregrinos nun Ano Santo (un 87% máis que no ano 2009 e un 51% máis que no 2004) con máis de 272.000 Compostelas entregadas en 2010.

Cómpre destacar que -tamén no campo da mellora de rutas e infraestruturas- o actual Goberno tivo que partir practicamente do absoluto baleiro de cara ao Xacobeo 2010 xa que, sorprendentemente, a pesar de que faltaban só uns poucos meses para o inicio do Ano Santo, tan só se contratara na anterior lexislatura a redacción de nove proxectos de rehabilitación e mellora de albergues, fronte aos preto de cincuenta que tivo que contratar a nova Xerencia da S.A. de Xestión do Xacobeo para o mantemento, conservación e reparación dos albergues existentes en todos os Camiños, incluídos no Plan Corrector dos



Camiños de Santiago. Un Plan que foi elaborado nun tempo récord e man a man cos concellos e as asociacións de amigos do Camiño.

Rematado xa o Ano Santo as inversións e actuacións realizadas polo actual Goberno co obxectivo de contribuír á mellora de infraestruturas e do patrimonio de todos os Camiños de Santiago dan conta do enorme esforzo realizado. Entre elas poden citarse: os dez novos albergues inaugurados en 2010 e os outros 6 previstos para o presente ano; os máis de 6 millóns de euros investidos na mellora e renovación dos albergues públicos xa en servizo; máis de 4.700 prazas temporais habilitadas para reforzar as existentes (o que supuxo superar o obxectivo marcado de duplicar as prazas existentes); máis de 823.600 euros adicados á limpeza e ao desbroce de todos os Camiños de Santiago, asinándose, por vez primeira, convenios con practicamente todos os concellos polos que discorren estas rutas en Galicia; ou a incoación do expediente de delimitación do Camiño Francés en pleno Ano Santo, entre outras moitas.

Polo que respecta ao albergue de Pontecesures, as obras comezaron o día dez de outubro de 2010 e está previsto que estean rematadas ao longo do presente ano. Hai que sinalar por tanto que a tramitación para a construción do albergue foi iniciada en febreiro de 2010 e os trámites levaron o ritmo habitual neste tipo de expedientes."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm. 53202**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Bieito Lobeira Domínguez e varios/as deputados/as máis, sobre **"a exclusión de persoas nos cursos de preparación dos niveis de Celga na cidade da Coruña e as medidas que se van adoptar por este motivo"**, (publicada no BOPG núm.: 350, do 9 de novembro de 2010), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

"A Secretaría Xeral de Política Lingüística está a realizar unha oferta formativa que entende é ampla e adecuada ás necesidades existentes, e para a que se ten en conta os recursos orzamentarios dispoñibles.

No que respecta á planificación dos cursos Celga, estase a manter o modelo que se vén aplicando nos últimos anos e que funciona correctamente.

A mesma, baséase nos cursos de programación directa e nos cursos solicitados por colectivos e/ou entidades e ten en conta tanto o criterio poboacional como o xeográfico, co fin de garantir a demanda de formación en lingua galega da cidadanía.

Debido ás limitacións orzamentarias do momento, este ano estableceuse unha única convocatoria de probas Celga, que terá lugar no mes de xuño.



En 2010, a oferta de formación atendeu a práctica totalidade das solicitudes de cursos Celga, preto do 90 por cento.

Á oferta inicial de 2011 feita pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, súmase a convocatoria, a través doutro departamento da propia Consellería, para outros 15 cursos Celga a través das escolas oficiais de Galicia, que se realizarán nas cidades galegas.


Ademais, hai unha convocatoria específica de cursos en liña para preparar as probas do Celga 1, que se fixo pública o 1 de marzo.

Por último, sinalar que, xunto cos cursos Celga, a Secretaría Xeral de Política Lingüística ten previsto realizar en 2011 numerosos cursos para a formación específica en galego dos profesionais aos servizo das distintas administracións.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias


Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias


PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

RS/mc

- 5 ABR. 2011

Núm.

63465



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm. 53806**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Alfredo Suárez Canal e varios/as deputados/as máis, sobre **"a relación e as retribucións do persoal que exerce tarefas de dirección na sociedade pública Galaria Empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A., dependente ou adscrita á Presidencia da Xunta de Galicia"**, (publicada no BOPG núm.: 358, do 19 de novembro de 2010), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"Na orde do 23 de outubro de 2009 resólvese a convocatoria pública de persoal de dirección de Galaria (DOG do 6 de novembro de 2009). Mantense o mesmo salario dende a creación de Galaria no ano 2008, ao que lle aplicaron as deducións realizadas no ano 2010 tanto no ámbito autonómico como nacional."



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 31 de marzo de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Roberto Castro García


Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/mc



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 56219**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Carmen Acuña do Campo e don Modesto Pose Mesura, sobre **“os gastos realizados pola Consellería de Sanidade, así como pola fundación pública Centro de transfusión de Galicia en campañas de publicidade nos anos 2009 e 2010, a selección dos temas e xornais escollidos e os datos relativos á contratación das empresas para levalas a cabo”**, (publicada no BOPG núm.: 387, do 12 de xaneiro de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A información sobre as licitacións realizadas pode atoparse na páxina web www.sergas.es/empresa/busca de expedientes.

Por outra parte, en canto ao resto dos contratos, no ano 2009 o gasto en publicidade ascendeu a 325.600,90 €, dos cales 322.680,21 € corresponde a gasto comprometido pola anterior dirección da Fundación Pública Centro de Transfusión de Galicia, o 99,07% do gasto en publicidade do ano 2009.

No ano 2010 o gasto en publicidade ascendeu a 161.057,70 € dos cales 26.354,21 € corresponden a gasto comprometido pola anterior dirección da Fundación e 134.703,49 € a gasto comprometido por esta actual dirección.



Os gastos de publicidade anuais comprometidos no ano 2010, pola actual dirección, reducíronse nun 58% con respecto ós gastos anuais de etapas anteriores.

O tema a publicitar ven dado polos estatutos da fundación, ao establecer no seu artigo 6, como obxecto da mesma, calquera outra actividade tendente á planificación, coordinación e mellora da actividade relacionada coa captación de doantes no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

A dirección, a proposta da Unidade de Promoción, que é a responsable das campañas de captación de donacións de sangue e elaboración de material divulgativo e informativo, así como de medir a efectividade de cada unha das actuacións desenvolvidas en aras á promoción do acto altruísta de 'doar sangue', selecciona os medios nos que se van desenvolver as campañas divulgativas e informativas.

A distribución sociodemográfica de Galicia, que conta con máis da metade dos núcleos de poboación existente en toda España, fai que contar cos medios de comunicación social sexa unha necesidade para os centros comunitarios de transfusión, que poden utilizar estes medios para promover campañas informativas en toda a xeografía galega e dar a coñecer aos cidadáns a necesidade de participar activamente doando sangue.

Deste xeito, a Unidade de Promoción de doazón de sangue do Centro de Transfusión de Galicia, pon en funcionamento campañas de publicidade en medios de comunicación, como xeito de potenciar o chamamento á poboación galega para incentivar a súa participación.

A estas campañas en medios de comunicación súmanse as charlas e conferencias sobre a doazón de sangue, nas que esta unidade busca a colaboración dos membros das diferentes corporacións municipais, universidades, centros de educación secundaria, asociacións culturais,



deportivas, de veciños, amas de casa, consumidores, forzas de seguridade do Estado, empresarios, e demais grupos sociais que puidesen contribuír a información xerada a través de material divulgativo (carteis, trípticos, monípticos...).

Para rematar, citar a relación de empresas encargadas da realización das campañas divulgativas e informativas da Fundación Pública Centro de Transfusión de Galicia:

MEDIOS
ARTAI (TVG)
COMPARTE (DISEÑO E TELEVIGO)
MEDIAGES (ESPACIO EXTERIOR)
PLANOS (EXPACIO EXTERIOR)
OIA (IMPRENTA)
TORCULO (IMPRENTA)
CENTRO SERVICIOS EMPRESARIALES (ONDA CERO, RADIO VOZ, RADIO GALLEGA)
SER GALICIA
RADIO CORUÑA SER
RADIO PRINCIPAL
RADIO LUGO SER
RADIO FUSIÓN
RADIO OURENSE SER
RADIO PONTEVEDRA SER
RADIO VIGO SER
RADIO MARCA
COPE GALICIA
UNIDAD EDITORIAL
EDITORIAL LA CAPITAL
EDITORIAL COMPOSTELA
LA REGIÓN
EL PROGRESO



XUNTA DE GALICIA


CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 30 de marzo de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García

[Handwritten signature]

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA


Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/bl

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

- 5 ABR. 2011

63471



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno núm. **41673**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Concepción Burgo López e varios/as deputados/as máis, sobre **"a valoración que fai o conselleiro de Cultura e Turismo da falla de programación do Xacobeo na provincia de Lugo"**, (publicada no BOPG núm. 303 do 01 de setembro de 2010), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2010 (BOPG núm. 388 do 13 de xaneiro de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura e Turismo**, que ten o seguinte contido:

"No tocante á pregunta con número de rexistro 41673, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2010, sobre a valoración que fai o conselleiro de Cultura e Turismo da falla de programación do Xacobeo na provincia de Lugo, a Xunta de Galicia asume como válidas as explicacións dadas ao respecto polo Director Xerente da S.A. de Xestión do Xacobeo na sesión da comisión parlamentaria 6ª, de Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, celebrada con data do 7 de outubro de 2010, ao dar resposta á pregunta 41674, formulada polos mesmos deputados e sobre o mesmo tema."



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA


Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

- 5 ABR. 2011

63480

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm. 57148**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María do Carme Adán Villamarín e don Henrique Viéitez Alonso, sobre "**a situación do colexio das monxas de Tortoreos nas Neves**", (publicada no BOPG núm.: 399, do 31 de xaneiro de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

"Pola Sra. Dona Purificación Fontán de Elduayen, marquesa viúva do Pazo da Merced, outorgouse o 3 de decembro de 1912 escritura pública ante o Notario Francisco Gamallo Paz (baixo o nº 497 do seu Protocolo) de fundación dun establecemento benéfico-docente. A dita fundación leva por nome '*Colegio de la Virgen de la Merced*', con domicilio en Tortoreos, concello das Neves (Pontevedra).

O fin fundacional establece a ensinanza cristiá, educación e instrución completa e gratuíta ás nenas, non só da parroquia de Tortoreos, senón tamén das Neves, Rubiós e das nenas pobres das demais parroquias que ao colexio queiran asistir.

Figuran na escritura fundacional como patróns o Bispo de Tui, como presidente; o párroco de Tortoreos, como vicepresidente; o abade e o alcalde das Neves como vogais e os coadxutores de Tortoreos e As Neves como Secretario e Vicesecretario, respectivamente.



O edificio do colexio consta de planta baixa e piso alto, construído pola outorgante para o fin fundacional, formando parte dunha finca no lugar de Carrascás, na parroquia de Tortoreos, que mide unha superficie aproximada de 10 áreas.

Por Real orde do Ministerio de *Instrucción Pública y Bellas Artes* publicada na Gaceta do 8 de marzo de 1914 clasifícase a fundación co carácter de particular benéfico docente (número 1914/1).

Segundo os antecedentes dispoñibles, no ano 1974 o Patronato cedeu a finca e o inmovible a Escola Familiar Agraria (EFA) A´Cancela (integrada na *Sociedad Cooperativa Escuelas Familiares Agrarias de Galicia*, inscribíndose no seu día no *Registro Oficial de Cooperativas del Ministerio de Trabajo* co número 23136).

No arquivo administrativo consta a documentación remitida nos anos 1989 e 1990 pola *Fundación Virgen de la Merced* relativa á solicitude formulada pola Cooperativa das Escolas Familiares Agrarias de Galicia para a donación dos bens cedidos no ano 1974, garantindo unha non alteración dos fins fundacionais e como requisito necesario para acometer as obras de adaptación do inmovible. De conformidade co acordado pola Fundación, non se tramitou a dita solicitude.

A *Fundación Benéfico Docente Colegio Virgen de la Merced* non consta como perceptora da subvención outorgada nos últimos anos pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

A EFA de A´Cancela é un centro docente sostido con fondos públicos (código do centro 36005671), que imparte os ciclos formativos de grao medio de panadería, repostería e confitería e de administración e finanzas. Dispón tamén dun PCPI de Servizos Administrativos.




Pola Orde do 9 de xaneiro de 2009 (DOG. núm. 14, do 21 de xaneiro) se ditan as normas para a aplicación do réxime de concertos educativos con centros docentes privados a partir do curso 2009/2010. Por Orde do 26 de agosto de 2009 (DOG. número 170, do 31 de agosto) e Orde do 11 de agosto de 2010 (DOG. núm.161, do 23 de agosto) apróbanse os concertos educativos. Nos correspondentes anexos das ditas ordenes recóllese que a EFA A `Cancela ten concertadas 5 unidades.

De conformidade co establecido no artigo 117 da L.O. 2/2006, do 3 de maio, de educación, o importe do módulo económico por unidade escolar para os efectos de distribución da contía global dos fondos públicos destinados ao sostemento dos centros concertados para o ano 2011 é o fixado no anexo 2 da Lei 14/2010, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2011 (DOG. núm. 250, do 30 de decembro)."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias


Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 57624**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Bieito Lobeira Domínguez, sobre **"as deficiencias detectadas na planificación e convocatoria para o ano 2011 dos cursos de preparación para a obtención do sistema de Certificado de Lingua Galega, Celga, e as previsións ao respecto"**, (publicada no BOPG núm.: 401, do 2 de febreiro de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

"A Secretaría Xeral de Política Lingüística está a realizar unha oferta formativa que entende é ampla e adecuada ás necesidades existentes, e para a que se ten en conta os recursos orzamentarios dispoñibles.

No que respecta á planificación dos cursos Celga, estase a manter o modelo que se vén aplicando nos últimos anos e que funciona correctamente.

A mesma, baséase nos cursos de programación directa e nos cursos solicitados por colectivos e/ou entidades e ten en conta tanto o criterio poboacional como o xeográfico, co fin de garantir a demanda de formación en lingua galega da cidadanía.

Debido ás limitacións orzamentarias do momento, este ano estableceuse unha única convocatoria de probas Celga, que terá lugar no mes de xuño.



En 2010, a oferta de formación atendeu a práctica totalidade das solicitudes de cursos Celga, preto do 90 por cento.

Á oferta inicial de 2011 feita pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, súmase a convocatoria, a través doutro departamento da propia Consellería, para outros 15 cursos Celga a través das escolas oficiais de Galicia, que se realizarán nas cidades galegas.

Ademais, hai unha convocatoria específica de cursos en liña para preparar as probas do Celga 1, que se fixo pública o 1 de marzo.

Por último, sinalar que, xunto cos cursos Celga, a Secretaría Xeral de Política Lingüística ten previsto realizar en 2011 numerosos cursos para a formación específica en galego dos profesionais aos servizo das distintas administracións."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias


Roberto Castro García


Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 57792**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Bieito Lobeira Domínguez e varios/as deputados/as máis, sobre **“os criterios seguidos pola Secretaría Xeral de Política Lingüística na oferta de cursos de preparación para a obtención dos diversos niveis do Certificado de Lingua Galega, Celga, na cidade da Coruña, e as previsións ao respecto”**, (publicada no BOPG núm.: 401, do 2 de febreiro de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A Secretaría Xeral de Política Lingüística está a realizar unha oferta formativa que entende é ampla e adecuada ás necesidades existentes, e para a que se ten en conta os recursos orzamentarios dispoñibles.

No que respecta á planificación dos cursos Celga, estase a manter o modelo que se vén aplicando nos últimos anos e que funciona correctamente.

A mesma, baséase nos cursos de programación directa e nos cursos solicitados por colectivos e/ou entidades e ten en conta tanto o criterio poboacional como o xeográfico, co fin de garantir a demanda de formación en lingua galega da cidadanía.



Debido ás limitacións orzamentarias do momento, este ano estableceuse unha única convocatoria de probas Celga, que terá lugar no mes de xuño.

En 2010, a oferta de formación atendeu a práctica totalidade das solicitudes de cursos Celga, preto do 90 por cento.

Á oferta inicial de 2011 feita pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, súmase a convocatoria, a través doutro departamento da propia Consellería, para outros 15 cursos Celga a través das escolas oficiais de Galicia, que se realizarán nas cidades galegas.

Ademais, hai unha convocatoria específica de cursos en liña para preparar as probas do Celga 1, que se fixo pública o 1 de marzo.

Por último, sinalar que, xunto cos cursos Celga, a Secretaría Xeral de Política Lingüística ten previsto realizar en 2011 numerosos cursos para a formación específica en galego dos profesionais aos servizo das distintas administracións."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA


Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/jr

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

- 5 ABR. 2011

63472



En relación coa pregunta con resposta escrita nº **58053**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María do Carme Adán Villamarín e dona Ana Belén Pontón Mondelo. , sobre **“a planificación do investimento realizado polo Goberno galego no acondicionamento do edificio do antigo convento de Santo Domingo, en Tui, para a apertura dun albergue provisional de peregrinos en agosto de 2010, a valoración do custo de cada persoa aloxada nel e as actuacións previstas para mellorar a situación do Camiño Portugués, así como a rendibilidade dese edificio a partir de 2011”**, (publicada no BOPG nº 407, do 10 de febreiro de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura e Turismo**, que ten o seguinte contido:

“A rede pública de albergues para peregrinos foi posta en marcha en 1993 no Camiño Francés e estendeuse co paso do tempo de forma progresiva aos demais itinerarios galegos (Camiños Portugués, Sueste-Vía da Prata, Primitivo, Norte, Inglés e Fisterra-Muxía).

No ano 2009 a rede vinculada á S.A. de Xestión do Plan Xacobeo dispoñía de 61 albergues e a planificación de actuacións no eido da mellora de rutas e infraestruturas dos Camiños realizada por parte do anterior goberno era insuficiente para atender ás demandas que require un evento das



dimensións do Ano Santo, a só uns meses do seu inicio. Pola contra, o actual Goberno traballou arreo para chegar ao inicio do Xacobeo cun programa de actuacións estruturado en todos os Camiños de Santiago incluído, lóxicamente, o Portugués-, habilitándose no ano 2010 máis de 4.700 prazas temporais para reforzar as existentes -o que supuxo superar o obxectivo marcado de duplicar as prazas existentes- e dedicándose máis de 823.600 euros á limpeza e ao desbroce dos Camiños de Santiago, a través da sinatura -por vez primeira na historia do Xacobeo- de convenios con practicamente todos os concellos polos que discorren estas rutas en Galicia. Na actualidade, froito do traballo realizado polo actual Goberno, a rede conta con dez novas incorporacións á rede como albergues estables.

Co gallo do Ano Santo a S.A. de Xestión do Plan Xacobeo centrou as súas actuacións neste eido en diversos puntos: renovar e mellorar a rede de albergues públicos xa en servizo, completala naqueles puntos e localidades estratéxicas que aínda non dispoñían deste servizo, responder ás necesidades derivadas da demanda extraordinaria xerada polo Ano Santo en determinadas poboacións nas que os albergues estables non ían ser suficientes, e colaborar con asociacións e entidades xacobeas sen ánimo de lucro na mellora ou posta en marcha, segundo os casos, de albergues privados. Neste sentido, a inversión feita pola S.A. de Xestión do Xacobeo de cara a dar resposta ao aumento da afluencia de peregrinos que se agardaba durante o ano 2010 foi planificada en Tui, como no resto dos concellos, tendo en conta non só as necesidades puntuais de aloxamento que se prevían durante o Ano Santo, senón tamén a obtención da máxima rendibilidade a longo prazo das inversións executadas.

Seguindo esta liña de actuación, os investimentos autonómicos se centraron na realización de obras de acondicionamento e mellora en edificios xa existentes, propiedade dos concellos, aos que se puidera dar utilidade máis alá do Ano Santo, ben como albergues ou ben a través de calquera outro destino que os concellos precisen darlle, entendendo que estamos a falar de bens públicos que deben ter como fin último o servizo á comunidade. Unhas



inversións de futuro en bens xa existentes que, por outra banda, son reclamadas e moi ben acollidas por parte de concellos de todas as cores políticas.

No caso concreto que nos ocupa, os locais nos que o Concello de Tui acolleu peregrinos durante o Ano Santo foron tanto o albergue provisional de peregrinos do antigo convento de San Domingos como os tres pavillóns polideportivos municipais, por esta orde: o antigo pavillón situado na rúa Coengo Valiño, o novo pavillón nesa mesma mesma rúa, e o pavillón do I.E.S. San Paio, na rúa Casal Aboy.

En total, o Concello de Tui albergou durante o pasado Ano Santo a 3.887 persoas, repartidas entre o local do Convento de San Domingos, de titularidade municipal, e os tres pavillóns polideportivos do concello.

Polo que respecta ao edificio do antigo convento de San Domingos, é preciso ter en conta que está destinado a diversos usos, entre os que se contan o acollemento dunha aula da UNED e dun centro de interpretación do Camiño de Santiago ao seu paso por Tui.

O orzamento adicado ás obras de adaptación como albergue temporal de peregrinos e á limpeza deste edificio ascenderon a un total de 60.007,6 euros e o adicado a mobiliario e colchonetas para este espazo e para os pavillóns polideportivos a 24.361,80 euros.

Como resultado desta inversión o edificio atópase na actualidade en mellor estado para o seu uso público por parte do concello e dos seus cidadáns, podendo ser utilizado o espazo adicado a albergue de peregrinos para tal fin nos anos vindeiros.

Por estes motivos, a Xunta de Galicia considera que a inversión feita pola S.A. de Xestión do Xacobeo no edificio do antigo convento de San Domingos



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA


Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

non só foi rendible no que respecta ao ano 2010, senón que tamén o será no futuro.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias


Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA


CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/bi

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

- 5 ABR. 2011

NÚM. **63463**



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm. 58556**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Carmen Acuña do Campo e varios/as deputados/as máis, sobre **"as deficiencias denunciadas polo alumnado da Escola de Enfermería de Ourense en relación co seu funcionamento"**, (publicada no BOPG núm. 407, do 10 de febreiro de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade** , que ten o seguinte contido:

"A Dirección da Escola Universitaria de Enfermería de Ourense non recibiu ningún tipo de queixa, reclamación ou denuncia por parte de ningún membro do alumnado sobre o seu funcionamento.

Ante un escrito dunha alumna e outro dun grupo de alumnos, a Universidade de Vigo emite un informe para a Vicerreitoría do Alumnado, Docencia e Calidade.

Por outra parte coa actual dirección da Escola, obtívose o GRAO en enfermmería, o que conleva a posta en práctica dunha serie de modificacións:

Un aumento significativo de horas de prácticas/clínicas, seminarios e titorías a realizar polo alumnado, e do profesorado con dedicación a tempo completo.

O obxectivo da dirección da EUEOU está encamiñado a mellorar a formación do alumnado, a docencia, e facilitar a aprendizaxe dos estudantes para o exercicio



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias


da profesión de enfermmería, seguindo a normativa académica da Universidade de Vigo.

Ademais elabórase unha normativa interna que regula aspectos das prácticas tan importantes como: control da asistencia, avaliación, seguridade, identificación e un aumento de horas para o seu axuste ao plan de estudos do 28/08/2001.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 31 de marzo de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García


Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/mc



En relación coas preguntas con resposta escrita **números: 58699, 58701, 58702, 58704 e 58705**, formuladas polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Xoaquín M. Fernández Leiceaga e don José M. Lage Tuñas, sobre **"os datos relativos á presenza de altos cargos da Consellería do Medio Rural nalgún dos consellos de administración de sociedades ou entes dependentes da Xunta de Galicia ou nos que a Administración autonómica teña participación"**, (publicada no BOPG núm.: 412, do 17 de febreiro de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, modificou o artigo 10 da Lei 9/1996, do 18 de outubro, de incompatibilidades dos membros da Xunta de Galicia e Altos Cargos da Administración autonómica, garantindo a máxima transparencia, publicidade e difusión pública, ao dispoñer que o contido das declaracións inscritas no Rexistro de Actividades de Altos Cargos pertencentes aos titulares daqueles postos cuxo nomeamento foi efectuados por decisión do Consello da Xunta, estará dispoñible na internet.

En cumprimento desta disposición, a información relativa aos altos cargos da Consellería do Medio Rural –coma o do resto de altos cargos da Xunta– está dispoñible na páxina web da Consellería de Facenda, Dirección Xeral da Función Pública, no rexistro de intereses de altos cargos."



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 31 de marzo de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García


Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/bi



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm. 58969**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Guillermo Antonio Meijón Couselo e varios/as deputados/as máis, sobre **"a redución da contía e os datos relativos ao cobramento das axudas establecidas na Orde do 3 de maio de 2010, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, para o alumnado que realizou a formación práctica en centros de traballo durante ese ano"**, (publicada no BOPG núm. 412, do 17 de febreiro de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

"Tanto nas ordes sobre este asunto convocadas na pasada lexislatura polo anterior Goberno galego como nas da presente lexislatura, pola actual Xunta, aparece a puntualización de que:

*"Se a contía total da suma das solicitudes superase o crédito de que se dispón, queda autorizada a Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais (anterior Goberno)/ a Dirección Xeral de Educación, FP e Innovación Educativa (Goberno actual) **para axustar os importes solicitados por cada solicitante**, de xeito que a suma total dos importes de todos os solicitantes de Galicia non supere a contía do crédito dispoñible".*

Por tanto, a Consellería de Educación recorda que no pagamento aos estudantes de FP para adultos en prácticas, cumpriuse co disposto na orde publicada no DOG do 3 de maio de 2010. Neste documento xa estaba recollida a posibilidade



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

de que se o orzamento non chegaba para atender a todos os demandantes, este sería axustado de xeito proporcional.

Cómpre sinalar ao respecto que en 2010 os estudantes que demandaron as prácticas incrementáronse en preto de 500 persoas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/jr



En relación coa pregunta con resposta escrita nº **59355**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Carmen Acuña do Campo e don Juan Carlos Francisco Rivera, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia respecto do pagamento aos clubs e ás entidades deportivas das subvencións correspondentes á convocatoria do ano 2010 con cargo aos orzamentos do ano 2011, e, se é o caso, a publicación dunha nova orde de concesión de subvencións para o ano en curso con cargo tamén aos actuais orzamentos”**, (publicada no BOPG nº 417, do 24 de febreiro de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral para o Deporte**, que ten o seguinte contido:

“Respecto das cuestións formuladas na pregunta, sinalar que as axudas á clubs deportivos e agrupacións deportivas escolares de Galicia, para o desenvolvemento de actividades deportivas do ano 2010, efectuarase con cargo ó orzamento 2011. Por outra banda, e publicada xa a resolución definitiva, o pago efectuarase de forma inmediatamente posterior á xustificación polos beneficiarios da axuda concedida.”



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias


Roberto Castro García


Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/mc



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 59661**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Pablo X. López Vidal, sobre **"os datos relativos á contratación dun servizo para a realización de expropiacións co fin de executar a obra de mellora da seguridade viaria da AC-305, na travesía de Taragoña, correspondente á clave AC/08/004.06"**, (publicada no BOPG núm.: 417, do 24 de febreiro de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"A contratación do servizo para as expropiacións na obra de mellora de seguridade viaria, travesía de Taragoña, da estrada AC-305, realizouse mediante o procedemento negociado sen publicidade, sendo tres as empresas invitadas a presentar oferta. Posteriormente unha delas renunciou.

As empresas que presentaron oferta foron:

- EXPROAGRO ENXEÑERÍA, S.L., cunha oferta de 30.150 €+IVE
- TOPONORT, S.A., cunha oferta de 30.190,30 €+IVE.

O orzamento base de licitación foi de 30.190,30 €+IVE, e o orzamento de adxudicación foi de 30.150 €+IVE.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA


Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

O prazo de execución de 24 meses estableceuse tendo en conta os trámites a realizar, levantamento das actas previas, tramitación dos depósitos previos, mutuos acordos, e formación da peza separada para a remisión ao Xurado de Expropiación, no seu caso.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 30 de marzo de 2010

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García


Excm. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/mc



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 59662**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Pablo X. López Vidal, sobre **"os datos relativos á execución dos convenios asinados para a execución de obras de acondicionamento, mellora e humanización das rúas da cidade de Santiago de Compostela"**, (publicada no BOPG núm.: 417, do 24 de febreiro de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"As actuacións a que se refire a iniciativa corresponden a obras enmarcadas en dous convenios subscritos entre a Xunta de Galicia a través da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo e do Instituto Galego da Vivenda e Solo e o Concello de Santiago. As obras consistiron nas melloras de pavimentación, construción e acondicionamento de beirarrúas, eliminación de barreiras arquitectónicas, así como a dotación de mobiliario urbano e obras de humanización, entre outras, conducentes a mellorar a calidade de vida dos cidadáns. Co mesmo obxecto, non consta ningún outro convenio pendente na cidade de Santiago de Compostela por parte da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. A Administración encargada de executar as obras enmarcadas nos citados convenios é o Concello de Santiago, polo que o remate definitivo dos traballos compételle á administración local."



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 30 de marzo de 2010

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García

h

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,

ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS

E XUSTIZA


Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/bi

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

- 5 ABR. 2011

63467



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm. 59850**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Carlos Ignacio Aymerich Cano e dona Ana Luísa Bouza Santiago, sobre **"o prazo previsto polo Goberno galego para a cobertura das baixas do persoal sanitario e non sanitario, así como sobre a ampliación dos servizos prestados no Punto de Atención Continuada de Arteixo"**, (publicada no BOPG núm. 417, do 24 de febreiro de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade** , que ten o seguinte contido:

"A atención sanitaria urxente no ámbito de atención primaria é prestada nos Puntos de Atención Continuada (PAC), que constitúe a estrutura física e funcional nos que se leva a cabo a atención das urxencias extrahospitalarias.

Os PAC dimensionanse, segundo o disposto no Decreto 172/1995, do 18 de maio, tendo en conta os criterios de número de habitantes e demanda atendida, dispersión xeográfica, facilidade de acceso ao hospital de referencia, etc., polo tanto o persoal que integra os PAC vén determinado en función dos ratios de poboación a atender. Estando o Punto de Atención Continuada (PAC) de Arteixo convenientemente dimensionado.

O PAC de Arteixo dá cobertura á poboación do Concello de Arteixo (28.859 usuarios), en horario de 15:00 a 8:00 horas de luns a sábado e domingos e festivos as 24 horas.



O cadro de persoal do PAC está integrado por un médico, un enfermeiro, e un profesional de xestión e servizos xerais de luns a sábado e conta cun reforzo de medicina e de enfermaría os domingos e festivos de mañá e de tarde.

Pola especial característica deste dispositivo, o criterio de actuación para a cobertura das ausencias dos profesionais do PAC é de cubrir as ausencias regulamentarias, tanto do persoal sanitario como do de xestión de servizos, ao 100%. Esta programación pode verse alterada tan só pola ausencia non prevista dalgún profesional (enfermidade, accidente, etc), e trátase de proceder a súa substitución á maior urxencia posible. Non obstante e en canto non se efectúan os trámites correspondentes, poden acontecer discretas demoras na incorporación do profesional substituto na quenda correspondente do profesional ausente.

Non obstante cómpre subliñar que a asistencia está en todo momento garantida xa que o PAC está en comunicación constante coa Central do 061 para que se poida coordinar e/ou atender calquera emerxencia que se presente.

Os servizos que presta o PAC de Arteixo se corresponden aos propios dispositivos de urxencias extrahospitalarias e para o que conta cunha dotación básica e equiparable ao resto dos PAC do ámbito desta Xerencia.

De acordo coa normativa vixente, o PAC de Arteixo conta con desfibrilador con monitor, electrocardiógrafo, aspirador de secrecións, maletín de reanimación, osíxeno, equipo de asistencia respiratoria, oscilómetro, carro de parada, medidor de glucemia, tiras reactivas ouriños, sistema de esterilización e instrumental clínico diverso.

Este modelo organizativo ten mostrado sobradamente a súa eficacia para a atención das urxencias extrahospitalarias e a satisfacción por parte dos usuarios coa garantía de saber sempre onde teñen que acudir e estando coordinada a asistencia, en todo momento, pola Central de urxencias-061, que mobiliza os recursos necesarios en función da gravidade da patoloxía.”



XUNTA DE GALICIA


CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 31 de marzo de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias


Roberto Castro García


Excm. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/mc



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 59940**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Concepción Burgo López, sobre **"as razóns da supresión do boletín mensual electrónico de teatro, música e danza e-scena, e os datos relativos ao proxecto informativo e aos novos soportes web que se van pór en marcha nese eido no ano 2011"**, (publicada no BOPG núm.: 422, do 3 de marzo de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura e Turismo**, que ten o seguinte contido:

"Dado que todos os contidos que se ofrecen no boletín e-scena xa aparecen recollidos na propia web da Agadic, a Axencia Galega das Industrias Culturais, a través do seu departamento de comunicación, decidiu deixar de elaborar o devandito boletín, coa única finalidade de evitar duplicidades no referente á política de comunicación. Uns contidos que, ademais, se verán mellorados coa actualización prevista da propia web da Axencia Galega das Industrias Culturais."



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 30 de marzo de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/bl



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **núm. 41661**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa dona María do Carme Adán Villamarín e don Henrique Viéitez Alonso, sobre **"a situación do colexio das monxas de Tortoreos nas Neves"**, (publicada no BOPG núm. 304 do 2 de setembro de 2010), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2010, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

"Pola Sra. Dona Purificación Fontán de Elduayen, marquesa viúva do Pazo da Merced, outorgouse o 3 de decembro de 1912 escritura pública ante o Notario Francisco Gamallo Paz (baixo o nº 497 do seu Protocolo) de fundación dun establecemento benéfico-docente. A dita fundación leva por nome '*Colegio de la Virgen de la Merced*', con domicilio en Tortoreos, concello das Neves (Pontevedra).

O fin fundacional establece a ensinanza cristiá, educación e instrución completa e gratuíta ás nenas, non só da parroquia de Tortoreos, senón tamén das Neves, Rubiós e das nenas pobres das demais parroquias que ao colexio queiran asistir. Figuran na escritura fundacional como patróns o Bispo de Tui, como presidente; o párroco de Tortoreos, como vicepresidente; o abade e o alcalde das Neves como vogais e os coadxutores de Tortoreos e As Neves como Secretario e Vicesecretario, respectivamente.



O edificio do colexio consta de planta baixa e piso alto, construído pola outorgante para o fin fundacional, formando parte dunha finca no lugar de Carrascás, na parroquia de Tortoreos, que mide unha superficie aproximada de 10 áreas.

Por Real orde do Ministerio de *Instrucción Pública y Bellas Artes* publicada na Gaceta do 8 de marzo de 1914 clasifícase a fundación co carácter de particular benéfico docente (número 1914/1).

Segundo os antecedentes dispoñibles, no ano 1974 o Patronato cedeu a finca e o inmovible a Escola Familiar Agraria (EFA) A 'Cancela (integrada na *Sociedad Cooperativa Escuelas Familiares Agrarias de Galicia*, inscribíndose no seu día no *Registro Oficial de Cooperativas del Ministerio de Trabajo* co número 23136).

No arquivo administrativo consta a documentación remitida nos anos 1989 e 1990 pola *Fundación Virgen de la Merced* relativa á solicitude formulada pola Cooperativa das Escolas Familiares Agrarias de Galicia para a donación dos bens cedidos no ano 1974, garantindo unha non alteración dos fins fundacionais e como requisito necesario para acometer as obras de adaptación do inmovible. De conformidade co acordado pola Fundación, non se tramitou a dita solicitude.

A *Fundación Benéfico Docente Colegio Virgen de la Merced* non consta como perceptora da subvención outorgada nos últimos anos pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

A EFA de A 'Cancela é un centro docente sostido con fondos públicos (código do centro 36005671), que imparte os ciclos formativos de grao medio de panadería, repostería e confitería e de administración e finanzas. Dispón tamén dun PCPI de Servizos Administrativos.

Pola Orde do 9 de xaneiro de 2009 (DOG. núm. 14, do 21 de xaneiro) se ditan as normas para a aplicación do réxime de concertos educativos con centros docentes privados a partir do curso 2009/2010. Por Orde do 26 de agosto de 2009 (DOG. número 170, do 31 de agosto) e Orde do 11 de agosto de 2010 (DOG. núm.161, do 23 de agosto) apróbanse os concertos educativos. Nos correspondentes anexos das ditas ordenes recóllese que a EFA A 'Cancela ten concertadas 5 unidades.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

De conformidade co establecido no artigo 117 da L.O. 2/2006, do 3 de maio, de educación, o importe do módulo económico por unidade escolar para os efectos de distribución da contía global dos fondos públicos destinados ao sostemento dos centros concertados para o ano 2011 é o fixado no anexo 2 da Lei 14/2010, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2011 (DOG. núm. 250, do 30 de decembro)."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/bl



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **núm. 41675**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa dona María Concepción Burgo López e varios/as deputados/as máis, sobre **"a valoración que fai o conselleiro de Cultura e Turismo da falla de programación do Xacobeo na provincia de Lugo"**, (publicada no BOPG núm. 304, do 2 de setembro de 2010), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2010, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura e Turismo**, que ten o seguinte contido:

"No tocante á pregunta con número de rexistro 41673, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2010, sobre a valoración que fai o conselleiro de Cultura e Turismo da falla de programación do Xacobeo na provincia de Lugo, a Xunta de Galicia asume como válidas as explicacións dadas ao respecto polo Director Xerente da S.A. de Xestión do Xacobeo na sesión da comisión parlamentaria 6ª, de Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, celebrada con data do 7 de outubro de 2010, ao dar resposta á pregunta 41674, formulada polos mesmos deputados e sobre o mesmo tema."



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Roberto Castro García


Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 41680**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Concepción Burgo López e varios/as deputados/as máis, sobre **"a non resolución pola Consellería de Cultura e Turismo da convocatoria de subvencións a concellos para apoio ás festas populares e outros eventos de contido turístico"**, (publicada no BOPG número 304 do 2 de setembro de 2010), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2010 (BOPG número 391 do 19 de xaneiro de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura e Turismo**, que ten o seguinte contido:

"A convocatoria de subvencións con destino ao apoio a festas populares e outros eventos de contido turístico nos concellos está rematada e as resolucións notificadas.

Como consecuencia do peche anticipado do exercicio orzamentario na anualidade 2009, o pagamento da totalidade das subvencións concedidas non puido facerse efectivo na devandita anualidade, polo que os créditos destinados a esta finalidade quedaron pendentes de ser imputados ao exercicio 2010. Imputación que, por dificultades orzamentarias, se demorou ata o derradeiro trimestre do ano, imposibilitando o novo peche orzamentario o seu pagamento.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Para estes créditos solicitouse novamente a imputación no presente exercicio 2011 e a día de hoxe están en fase de pagamento todas as subvencións que quedaron pendentes.

No ano 2010 convocáronse novamente estas subvencións que, polas mesmas causas de peche anticipado do exercicio orzamentario, estanse a pagar na presente anualidade 2011.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 31 de marzo de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/bl



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **núm. 42839**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa dona Ana Belén Pontón Mondelo e don Henrique Viéitez Alonso, sobre **"a situación na que se atopa a cruz da Picaraña, situada no monte de Arcos (Ponteareas)"**, (publicada no BOPG núm. 304 do 2 de setembro de 2010), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2010, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura e Turismo**, que ten o seguinte contido:

"Polo que respecta á restauración da cruz xubilar e viacrucis da Picaraña, desde o punto de vista da tramitación administrativa do expediente orixinado con motivo dos danos producidos neste xacemento arqueolóxico, constan na Xefatura Territorial de Pontevedra as seguintes actuacións :

- Con data de 29 de decembro de 2009, o concello de Ponteareas remite informe técnico e reportaxe fotográfica solicitando autorización para a restauración da citada cruz xubilar.
- Con data 25 de maio de 2010 emítese informe por parte dos servizos do departamento territorial de Pontevedra, no que se recolle a urxencia na intervención, dada a posibilidade de derrube do cruceiro, e se require proxecto de restauración.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias


- Con data 09 de xuño de 2010, comunícase mediante escrito do xefe territorial de Cultura e Turismo de Pontevedra a necesidade de presentar o correspondente proxecto de restauración para a súa autorización"

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Roberto Castro García



Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 60316**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Isabel Sánchez Montenegro e dona María Teresa Táboas Veleiro, sobre **“os datos relativos ás verteduras ilegais rexistradas en Galicia desde setembro de 2009, e as previsións da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas respecto do desenvolvemento da Lei 5/2006, do 30 de xuño, para a protección, a conservación e a mellora dos ríos galegos, no relativo á creación da rede de vixilancia e control do seu estado ecolóxico”**, (publicada no BOPG núm.: 422, do 3 de marzo de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

“Como consecuencia das campañas de inspección desenvolvidas por Augas de Galicia no ámbito de actuación do novo Plan de Control de Vertidos téñense inventariados a Dominio Público Hidráulico (DPH) un total de 427 puntos de vertido.

O número de expedientes sancionadores incoados desde setembro 2009 ata actualidade foi de 279. O importe das sancións impostas ascende a 1.274.469 €.



No Borrador do Plan Hidrolóxico de Galicia Costa defínense as masas de auga que non acadan o bo estado, que corresponden en torno ao 33% do total das masas de auga, relacionando así mesmo as causas de incumprimento. A relación de todas estas masas de auga cos motivos de incumprimento recóllense no Capítulo 8, Diagnóstico de Obxectivos Medioambientais que estivo a consulta pública durante un período de seis meses, finalizando a mesma o pasado mes de febreiro. Estas masas que non acadan o bo estado, teranse en conta tanto á hora de outorgar novas autorizacións de vertido como para a revisión das existentes.

As actuacións programadas pola Xunta de Galicia para a consecución dos obxectivos medioambientais nas masas de auga da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa, segundo os criterios da Directiva Marco da Auga 2000/60/CE, están incluídas no apartado do Programa de Medidas do Borrador do Plan Hidrolóxico de Galicia Costa, que acaba de rematar a consulta pública, atopándose agora en fase de revisión das alegacións recibidas, para a redacción posterior do documento definitivo e iniciar o seu procedemento de aprobación.

Estas medidas agrúpanse en áreas como: actuacións que inciden sobre o Dominio Público Hidráulico, actuacións de saneamento e depuración, actuacións de abastecemento e as medidas a aplicar pola Dirección Xeral de Conservación da Natureza.

Os custos de investimento ascenden a 888,94 millóns de euros, e por exemplo, no caso de saneamento e depuración, priorízanse en función do estado das masas de auga, que tamén se avaliou no Borrador do Plan Hidrolóxico.

Ademais cabe salientar que recentemente Augas de Galicia executou un plan de rexeneración, cun orzamento de 146.674,40 €, co que pretende restablecer na medida do posible o estado orixinal das masas de auga,



concentracións urbanas, protección ambiental ou áreas de captación para consumo urbano.

Esta rede de control consta dun total de 39 estacións que non só monitorizan, é dicir, vixían e rexistran en tempo real, a calidade das augas en puntos chave dos ecosistemas fluviais dos principais ríos da comunidade, senón que posibilitan a minimización dos tempos de resposta nas actuacións do Plan de Control de Vertidos ante situacións de emerxencia e apoia a toma de decisións para a xestión dos recursos hídricos de Galicia.

Para dar cumprimento as determinacións da Directiva Marco da Auga, á Área de Calidade da Subdirección Xeral de Dominio Público Hidráulico puxo en marcha distintas redes de control do estado das masas de auga, compostas por redes de vixilancia, redes de control operativo, rede de control na calidade das captacións, rede de control de tramos declarados como piscícolas e rede de control de calidade para o cumprimento do convenio OSPAR (sobre a protección do medio marítimo do Nordeste Atlántico).

A raíz dos resultados obtidos no Borrador do Plan Hidrolóxico de Galicia-Costa, estas redes están en proceso de redefinición.”



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 30 de marzo de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García


Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/mc



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 60511**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana B. Pontón Mondelo, sobre **"as actuacións que vai desenvolver a Xunta de Galicia en relación co Plan galego das artes escénicas 2008-2011"**, (publicada no BOPG núm.: 422, do 3 de marzo de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura e Turismo**, que ten o seguinte contido:

"A Consellería de Cultura e Turismo está completamente de acordo coa declaración de intencións que supoñen os postulados orixinais do Plan Galego das Artes Escénicas, e así o ten manifestado en diversas ocasións a través dos seus representantes tanto nos medios públicos e en sede parlamentaria como ante as distintas asociacións do sector. Agora ben, resulta innegable que a conxuntura económica mudou de forma considerable desde que o devandito Plan foi formulado, facendo que planteamentos que hai dous ou tres anos podían semellar realizables, hoxe non o sexan en termos de inversión económica.

O propio informe de avaliación do Plan Galego das Artes Escénicas correspondente ao ano 2008 (o primeiro ano da súa implantación, aínda baixo o Goberno bipartito) plantexa dúbidas respecto ao seu cumprimento, polo que, nunha conxuntura económica moito máis desfavorable, como o é a actual, resulta xustificable que non se poida cumprir en todos os seus termos.



Non obstante, polo que respecta á Axencia Galega das Industrias Culturais, mantívose tanto no ano 2009 como no 2010 unha importante inversión no referente ás artes escénicas, fundamentalmente por medio do apoio á Rede e de diversos investimentos realizados a través do proxecto Creativa.

Asemade, o diálogo da administración autonómica cos axentes do sector é permanente e ten como a súa máis clara manifestación o firme apoio brindado a este sector estratéxico pola Consellería de Cultura e Turismo nun contexto económico tan delicado como o actual.

Cómpre recordar a este respecto que Galicia é a Comunidade Autónoma do Estado español que máis inviste en artes escénicas no referente a subvencións á produción e á distribución exterior, con 0,59 euros por habitante no ano 2010 fronte aos, por exemplo, 0,21 euros de Andalucía ou os 0,18 euros de Cataluña.

Tamén neste sentido, a pesar do actual contexto de redución do gasto público, o esforzo económico que se está a realizar mediante a contención na redución das axudas á produción e o mantemento da inversión nas distintas Redes da Agadic, está a permitir un incremento no número de representacións artísticas dentro das mesmas.”



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 30 de marzo de 2010

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García

[Handwritten signature]


Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/mc



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm. 60539**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Bieito Lobeira Domínguez e dona María Teresa Táboas Veleiro, sobre **"a existencia de toponimia deturpada nunha sinalización da estrada Vilanova-Tenorio, no concello de Cotobade"**, (publicada no BOPG núm.: 422, do 3 de marzo de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

"O artigo 10 da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, ten plena validez para as actuacións das administracións públicas de Galicia e tamén para as empresas privadas, que deben recoller esa prescrición.

Cando se ten coñecemento dalgún caso de uso non correcto da toponimia, a Secretaría Xeral de Política Lingüística diríxese á entidade en cuestión co fin de informala sobre a legalidade vixente e, en consecuencia, indicarlle a súa obriga de utilizar as formas oficiais."



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 60603**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Bieito Lobeira Domínguez e dona María Teresa Táboas Veleiro, sobre **“a existencia de toponimia deturpada na sinalización da estrada PO-232, no concello de Cotobade”**, (publicada no BOPG núm.: 422, do 3 de marzo de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

“De acordo coa Lei de normalización lingüística os topónimos de Galicia terán como única forma oficial a galega, correspondendo á Xunta de Galicia a determinación dos nomes oficiais dos concellos, dos territorios, dos núcleos de poboación, das vías de comunicación interurbanas e dos topónimos de Galicia. Estas denominacións son as legais e a rotulación terá que concordar con elas.

Neste contexto, nas estradas integradas na rede autonómica, a rotulación das poboacións e demais topónimos de Galicia farase en galego.

Non obstante, se se detecta algún erro os servizos de mantemento das xefaturas territoriais realizarán as correccións necesarias.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA


Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Comunicada a existencia da forma 'San Jorge de Sacos', ao Servizo de Infraestruturas de Pontevedra, este encargárase de sinalizar correctamente o máis axiña posible a localidade de San Xurxo de Sacos, no Concello de Cotobade, na estrada PO-232."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 30 de marzo de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias





Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 60604**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Bieito Lobeira Domínguez e dona María Teresa Táboas Veleiro, sobre **"a existencia de toponimia deturpada na sinalización viaria da estrada N-541, no concello de Cotobade"**, (publicada no BOPG núm.: 422, do 3 de marzo de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"De acordo coa Lei de normalización lingüística, Lei 3/1983, de 15 de xuño, os topónimos de Galicia terán como única forma oficial a galega, correspondéndolle á Xunta de Galicia a determinación dos nomes oficiais dos concellos, dos territorios, dos núcleos de poboación, das vías de comunicación interurbanas e dos topónimos de Galicia. Estas denominacións son as legais e a rotulación terá que concordar con elas.

Tendo en conta que a N-541, estrada de Ourense a Pontevedra, forma parte da Rede de estradas do Estado, (RCE), e que a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas non ten competencia sobre estas vías, porá en coñecemento da Demarcación de Carreteras del Estado en Galicia a existencia da forma 'Orense' na estrada N-541, á altura de Cotobade, para que procedan a sinalizar correctamente a capital ourensá."



XUNTA DE GALICIA


CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 30 de marzo de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias


Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA


Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/bl

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

- 5 ABR. 2011

NUM. 63464



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm. 60843**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Belén Pontón Mondelo, sobre **"as débedas da Axencia Galega das Industrias Culturais, Agadic, co sector das artes escénicas"**, (publicada no BOPG núm. 430, do 15 de marzo de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura e Turismo** , que ten o seguinte contido:

"Tal e como manifestou o propio Director da Axencia Galega das Industrias Culturais en sede parlamentaria, a análise do acontecido nos últimos catro anos non permite falar de débeda en termos estritos, nin tampouco de continuos atrasos, senón das consecuencias derivadas da aplicación da nova normativa que rexe as subvencións de Galicia, aprobada na lexislatura do Goberno bipartito.

Polo que respecta aos datos relativos ás cantidades pendentes de pagamento por parte da devandita Axencia, así como os conceptos aos que se corresponden, son os que seguen:

- Subvencións: 974.613,96 euros.
- Redes: 130.232,88 euros, cantidade que corresponde maioritariamente ao mes de decembro de 2010, xa que a Axencia Galega das Industrias Culturais está ao corrente dos pagos contabilizados a data 30 de novembro de 2010.
- Outros: 279.289,38.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

A data de hoxe todas estas cantidades foron aboadas, coa única excepción de 500.000 euros pendentes no caso das subvencións, que serán aboados proximamente.


Cómpre recordar que Galicia é a Comunidade Autónoma que máis inviste en artes escénicas no referente a subvencións á produción e á distribución exterior, con 0,59 euros por habitante no ano 2010 fronte aos, por exemplo, 0,21 euros de Andalucía ou os 0,18 euros de Cataluña.

Tamén neste sentido, a pesar do actual contexto de redución do gasto público, o esforzo económico que se está a realizar mediante a contención na redución das axudas á produción e o mantemento da inversión nas distintas Redes da Agadic, está a permitir un incremento no número de representacións artísticas dentro das mesmas."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 31 de marzo de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias


Roberto Castro García


Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/mc



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 60899**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Henrique Viéitez Alonso e varios/as deputados/as máis, sobre **"a decisión do Concello de Nigrán de retirarse da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística"**, (publicada no BOPG núm.: 430, do 15 de marzo de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"Tal e como recollen os seus estatutos, a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística de Galicia é un ente público de natureza consorcial, dotado de personalidade xurídica, patrimonio e orzamento propios e plena autonomía no cumprimento das súas funcións.

Asemade, os propios estatutos sinalan que a integración dos concellos na Axencia ten carácter voluntario e, polo tanto, igualmente a súa eventual retirada.

Os concellos son soberanos para tomar as decisión que estimen convenientes en orde á súa integración ou non en entidades consorciais de carácter voluntario, entendido iso como un exercicio do principio constitucional da autonomía local. Respecto dos labores de restitución da legalidade urbanística que, no seu caso, se puidese vulnerar, corresponderalle a cada unha das administracións competentes, á municipal e á autonómica, exercelos nos ámbitos das atribucións conferidas a cada



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

unha delas pola normativa urbanística vixente, non correspondéndolle á Administración autonómica xulgar decisións lexítimas doutras administracións, na liña de respecto ao principio constitucional anteriormente mencionado.”


O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 30 de marzo de 2010

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García




Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/mc



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 61076**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Carmen Acuña do Campo e don Modesto Pose Mesura, sobre **“os datos relativos ás comisións de participación cidadá e aos consellos de área creados e convocados pola Xunta de Galicia ao abeiro da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, dende a entrada do actual Goberno galego”**, (publicada no BOPG núm.: 430, do 15 de marzo de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Nos dous anos do actual Goberno convocáronse 21 Comisións de participación cidadá.

As localidades e as datas nas que se convocaron son:

Barco de Valdeorras, os días 15/04/2010 e 30/03/2009

Cervo-Burela, os días 08/03/2010 e 17/03/2009

A Coruña, os días 2/03/2010 e 30/06/2010

Ferrol, o día 12/11/2009



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 30 de marzo de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García

n

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



Lugo, os días 24/02/2010 e 31/03/2009

Monforte de Lemos, os días 08/03/2010 e 24/03/2009

Ourense, os días 24/02/2010 e 30/03/2009

Pontevedra, os días 29/03/2010; 08/09/2009 e 04/03/2009

Salnés, os días 17/03/2010 e 23/06/2009

Santiago, os días 15/012/2010 e 29/04/2010

Vigo, o día 08/03/2010

Os motivos das convocatorias foron:


- Cumprir o regulamento de organización e funcionamento das Comisións de participación cidadá.
- Informar sobre medidas de mellora en servizos sanitarios.
- Informar sobre Extratexia Sergas 2014.
- Informar sobre servizos e plans funcionais a realizar nos centros sanitarios.
- Presentar a Escola Galega de Saúde para cidadáns.
- Promover o intercambio de información a demanda dos cidadáns.




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/mc



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 61100**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Henrique Viéitez Alonso e varios/as deputados/as máis, sobre **"a situación derivada da posible demora no pagamento da nómina do mes de febreiro de 2011 ao persoal do Hospital Povisa de Vigo"**, (publicada no BOPG núm.: 430, do 15 de marzo de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"Povisa, como calquera provedor do Sergas, ten a obriga de xustificar os pagos. Unha vez que Povisa enviou a documentación correspondente, o Sergas ordenou a transferencia.

O Sergas cumpre cos pagos a Povisa e faino cunha fórmula regradada e pactada por contrato dende hai 10 anos.

O Sergas liquidou o mes de xaneiro a Povisa nada máis recibir a documentación correspondente, seguindo a recomendación da Asesoría Xurídica, segundo as condicións recollidas no contrato do ano 2000 que segue vixente.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

O Sergas mantén o seu obxectivo prioritario de renovar o concerto con Povisa a fin de garantir a asistencia sanitaria aos cidadáns que tiñan, a finais do 2010, a este Centro como referencia.

Neste momento séguese negociando un novo concerto co hospital Povisa no que se garante a súa permanencia segundo o acordo asinado por todas as centrais sindicais e a administración no ano 2006.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 30 de marzo de 2010

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García

h


Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 61108**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María do Carme Adán Villamarín e don Bieito Lobeira Domínguez, sobre **"as razóns da denegación da homologación do curso de "Normalización lingüística. Historia e socioloxía da educación", de formación do profesorado, organizado pola CIG-Ensino"**, (publicada no BOPG núm.: 430, do 15 de marzo de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

"Nesta pregunta confúndese denegación coa tramitación conforme ao previsto na Orde do 1 de marzo de 2007 pola que se regula a convocatoria, recoñecemento, certificación e rexistro das actividades de formación permanente do profesorado e se establecen as equivalencias das actividades de investigación e innovación e das titulacións. Esta norma é a que recolle o procedemento de homologación as actividades cuxa organización propoñen, entre outras entidades, as organizacións sindicais representativas do sector educativo.

Lembrar que a regulación establece que a Comisión de recoñecemento da formación, entre as súas funcións, encargarse de *'examinar as solicitudes de homologación de actividades, previa a súa realización, tendo en conta a adecuación do deseño previo, o interese da proposta, a súa relación coas*



funcións propias e estatutarias da entidade que a propón e a relación coas directrices ou liñas prioritarias dos plans de formación permanente do profesorado da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria'

Como xa se lles trasladou reiteradamente as organizacións sindicais, en concreto na xuntanza do 19 de novembro de 2009, os criterios de duración dos cursos a aplicar na valoración da homologación condicionada sería a mesma que se aplica para o Plan de Formación da Consellería en termos xerais, é dicir, duración das xornadas ata 20 horas, dos cursos ata 30 horas e actividades especiais ata 50 horas.

Estas regras son coñecidas polas entidades.

A CIG-Ensino con data 17 de decembro de 2010 solicita por cuarta vez no ano a homologación da mesma actividade, aumentando o número de horas con cada solicitude, pasou de 12 horas na primeira solicitude (comezo 10 de maio) a 30 horas na segunda (comezo 25 de xuño), a 50 horas na terceira (comezo 13 de outubro), repite as 50 horas na solicitada para 21 de xaneiro e fai unha nova solicitude, esta vez de 30 horas para comezo de 4 de marzo de 2011 (homologada provisoriamente).

A proposta da comisión celebrada o 18 de xaneiro de 2011 foi polo tanto de solicitude subsanación, debendo a entidade axustar o número de horas a establecida con termo xeral, e dicir, 30 horas. A entidade non contestou favorablemente ao requirimento polo que se desestimou a solicitude de homologación provisoria da actividade con data 15 de febreiro.

Con data de 28 de xaneiro de 2011 a entidade solicitou de novo a homologación da mesma actividade cunha duración de 30 horas sen variar practicamente o programa, esta actividade foi proposta para homologación provisoria na reunión de 15 de febreiro.



Do histórico da citada actividade se desprende por tanto que foi homologada xa en catro ocasións, polo que non se pode falar en ningún caso de arbitrariedade e de uso partidista, senón que no devir da súa planificación se foi variando e ampliando a súa duración ata superar os módulo horarios estipulados e coñecidos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 61368**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Bieito Lobeira Domínguez, sobre **"a deturpación da toponimia galega que realiza o xornal ABC e as axudas recibidas do Goberno galego en materia de normalización lingüística"**, (publicada no BOPG núm.: 433, do 18 de marzo de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

"O artigo 10 da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, ten plena validez para as actuacións das administracións públicas de Galicia e tamén para as empresas privadas, que deben recoller esa prescrición.

En calquera caso, precisar que o propio xornal, o mesmo día que apareceu impresa a información á que se refire a pregunta, o 3 de marzo de 2011, publicou na súa edición dixital a seguinte nota da redacción:

'A inadecuada utilización dunha ferramenta de tradución automática provocou a incorporación dunha serie de topónimos incorrectos na información, que xa foron subsanados. Pedimos desculpas aos lectores'.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Temos noticia de que o xornal publicou na edición impresa do día seguinte unha fe de erratas no mesmo senso.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Roberto Castro García


Excm. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/mc



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm. 61449**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Carmen Acuña do Campo, sobre **"a contía das achegas concedidas pola Xunta de Galicia á Asociación Ciudadana de Lucha contra la Droga, ACLAD, nos anos 2008, 2009 e 2010, e a das previstas para esta asociación no orzamento para o ano 2011"**, (publicada no BOPG núm.: 434, do 21 de marzo de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"Os importes pagados á Asociación ACLAD nos anos 2008 a 2010 en relación aos correspondentes convenios asinados coa Consellería de Sanidade-Servizo Galego de Saúde para o desenvolvemento de programas de tratamento de drogodependencias, son os seguintes:

2008	2009	2010
1.796.742 €	1.796.742 €	1.706.904,90 €

Con respecto ao ano 2011, o importe do Convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación Cidadá de Lucha contra a Droga da Coruña (ACLAD) para o desenvolvemento da asistencia a pacientes con trastornos adictivos relacionados con dependencias non alcohólicas, asinado o 3 de xaneiro de 2011, ascende a 1.706.905 €. Deste importe, segundo



establece a cláusula 6ª do Convenio, tramitouse o pago do 10% (170.690 €)."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 31 de marzo de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias


Roberto Castro García



Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 61477**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Carmen Acuña do Campo e varios/as deputados/as máis, sobre **"a demora no pagamento dos salarios dos traballadores do Hospital Povisa de Vigo, a existencia dalgunha débeda da Consellería de Sanidade con ese hospital e o desenvolvemento do proceso de negociación do novo convenio entre o Sergas e Povisa, así como as modificacións previstas nel"**, (publicada no BOPG núm.: 434, do 21 de marzo de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"Povisa, como calquera provedor do Sergas, ten a obriga de xustificar os pagos. Unha vez que Povisa enviou a documentación correspondente, o Sergas ordenou a transferencia.

O Sergas cumpre cos pagos a Povisa e faino cunha fórmula regradada e pactada por contrato dende hai 10 anos.

O Sergas liquidou o mes de xaneiro a Povisa nada máis recibir a documentación correspondente, seguindo a recomendación da Asesoría Xurídica, segundo as condicións recollidas no contrato do ano 2000 que segue vixente.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

O Sergas mantén o seu obxectivo prioritario de renovar o concerto con Povisa a fin de garantir a asistencia sanitaria aos cidadáns que tiñan, a finais do 2010, a este Centro como referencia.

Neste momento séguese negociando un novo concerto co hospital Povisa no que se garante a súa permanencia segundo o acordo asinado por todas as centrais sindicais e a administración no ano 2006.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 30 de marzo de 2010

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Roberto Castro García

Excm.a. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA
ESTRUTURA

1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA
 - 1.1 LEIS E OUTRAS NORMAS
 - 1.2 PROXECTOS E PROPOSICIÓNS DE LEI
 - 1.3 OUTRAS PROPOSTAS DE NORMAS
 2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL
 - 2.1 INVESTIDURA
 - 2.2 MOCIÓN DE CENSURA
 - 2.3 CUESTIÓN DE CONFIANZA
 3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO
 - 3.1 CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI
 - 3.2 COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA
 - 3.3 EXAME DE PROGRAMAS E PLANS
 - 3.4 ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN
 - 3.5 MOCIÓNS
 - 3.6 PROPOSICIÓNS NON DE LEI
 - 3.6.1 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN PLENO
 - 3.6.2 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN COMISIÓN
 - 3.7 OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN
 - 3.8 PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO
 4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN
 - 4.1 SOLICITUDES DE COMPARECENCIA
 - 4.2 INTERPELACIÓNS
 - 4.3 PREGUNTAS
 - 4.4 RESPOSTAS A PREGUNTAS
 - 4.5 SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS
 5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS
 - 5.1 SOLICITUDE AO GOBERNO DO ESTADO DA ADOPCIÓN DE PROXECTOS DE LEI
 - 5.2 PROCEDEMENTOS RELACIONADOS CO TRIBUNAL CONSTITUCIONAL
 - 5.3 VALEDOR DO POBO
 - 5.4 CONSELLO DE CONTAS
 - 5.5 OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS
 6. ELECCIÓN, DESIGNACIÓNS E PROPOSTAS DE NOMEAMENTO
 - 6.1 SENADORES EN REPRESENTACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA
 - 6.2 VALEDOR DO POBO E VICEVALEDORES
 - 6.3 CONSELLEIROS DE CONTAS
 - 6.4 TERNA PARA A PROVISIÓN DE VACANTES DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA
 - 6.5 VOGAIS DA XUNTA ELECTORAL DE GALICIA
 - 6.6 MEMBROS DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DA COMPAÑÍA DE RADIO-TELEVISIÓN DE GALICIA
 - 6.7 MEMBROS DO CONSELLO ASESOR DE RADIO-TELEVISIÓN ESPAÑOLA EN GALICIA
 - 6.8 VOGAIS DOS CONSELLOS SOCIAIS DAS UNIVERSIDADES DE GALICIA
 - 6.9 VOGAIS DO CONSELLO DE BIBLIOTECAS
 - 6.10 DELEGACIÓN PARA A DEFENSA DE PROPOSICIÓNS DE LEI DO PARLAMENTO DE GALICIA NO CONGRESO
 - 6.11 OUTRAS ELECCIÓN, DESIGNACIÓNS OU PROPOSTAS DE NOMEAMENTO
 7. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO
 - 7.1 COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E OS SEUS ÓRGANOS
 - 7.2 RÉXIME E GOBERNO INTERIOR
 - 7.3 ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO
 8. ADMINISTRACIÓN PARLAMENTARIA
 - 8.1 ORGANIZACIÓN E NORMAS DE FUNCIONAMENTO DOS SERVIZOS
 - 8.2 PERSOAL
 - 8.3 ACTIVIDADES DA ADMINISTRACIÓN PARLAMENTARIA
 9. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS
 - 9.1 INFORMACIÓNS
 - 9.2 CORRECCIÓNS DE ERROS
-



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727